A materialización lexislativa desta competencia estatal atópase no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que recoñece o dereito ao uso das linguas oficiais ante a Administración de xustiza no marco da cooficialidade, segundo o que en todas as actuacións xudiciais os xuíces e xuízas, maxistrados/as, fiscais, letrados/as da Administración de xustiza, e demais persoal funcionario dos xulgados e tribunais ‘usarán o castelán, lingua oficial do Estado. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón alegando descoñecemento dela que puidera producir indefensión.’

En paralelo, tamén está amparado e garantido (art. 231.3 LOPX) o dereito da cidadanía a utilizar a lingua oficial da súa elección, tanto nas súas manifestacións orais como escritas, e



sendo que a Xunta de Galicia garante a cooficialidade lingüística na Administración da xustiza en Galicia no actual escenario normativo.

Desde a Administración Autonómica, que xestiona as competencias transferidas en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, se seguirá a traballar para prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia, e o ritmo da necesaria adaptación ás esixencias do réxime de cooficialidade e a normalización progresiva do uso do galego na Administración de xustiza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49057
Data envío: 11/04/2019 14:40:22.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:40:18

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27397**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mantemento na actualidade polo Goberno galego do compromiso referido á posta en funcionamento, antes do verán de 2018, do novo edificio xudicial da Parda, en Pontevedra e as súas previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra comezaron a finais do verán de 2016, logo da adxudicación. No momento de iniciar a cimentación atopouse unha problemática polas dificultades coa estabilidade do terreo, o que resultou en que a solución técnica para parte da cimentación e estrutura que se contemplaba no proxecto non fose viable debido ás características do solar.

As características do terreo, o nivel freático e a aparición de bolos de granito como recheo feito polo home, fixeron inviable a cimentación proxectada, polo que obrigaron a estudar e ensaiar diversos sistemas de cimentación e o cambio na execución do muro de contención contra a rúa Hortas. Todo isto levou a un recálculo da estrutura, incluída a estrutura da pasarela de conexión co edificio actual dos xulgados, coa conseguinte demora na execución da obra.



A día de hoxe, os traballos están en plena execución co obxectivo de que o edificio estea rematado este mesmo ano.

No que atinxe ao compromiso de execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, no mes de xuño de 2016 a Vicepresidencia remitiu ao Concello de Pontevedra o compromiso de executalas, axustadas ás ordenanzas de aplicación.

A tales efectos, nesta remisión xuntouse o correspondente informe técnico acreditativo de todos estes extremos, que xa se atopaban previstos no proxecto de execución para o novo edificio xudicial, informado favorablemente polo Concello de Pontevedra o 1 de xuño de 2016.

Neste sentido, a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49055
Data envío: 11/04/2019 14:39:47.673

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:39:44

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **32714** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre “**o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina no contorno da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018**”, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A tuberculose bovina está causada por bacterias do xénero *Mycobacterium* incluídas no complexo *Mycobacterium tuberculosis*, que inclúe varias especies (*M. Tuberculosis*, *M. Bovis*, *M. caprae*), capaces de infectar e causar a enfermidade a todo tipo de mamíferos. Por outra banda, as lesións causadas pola tuberculose poden afectar a calquera órgano ou ganglio do corpo dos mamíferos, non obstante existen algúns órganos e ganglios onde hai máis probabilidade de detección.

Ao respecto do sinalado na exposición de motivos, debe sinalarse que a tuberculose é unha enfermidade endémica na Serra da Capelada. Entre 2003 e 2013, foron detectadas 255 reses infectadas e nun 15% delas conseguíuse o illamento laboratorial do axente patóxeno, pese á enorme dificultade para o mesmo. Non obstante, a presenza da tuberculose na Serra é anterior ao ano 2003. O caso confirmado en 2016, así como os posteriores, son continuación da situación anterior.

As medidas de control e preventivas realizadas ata o momento na unidade epidemiolóxica da Serra da Capelada, desde o inicio do foco de tuberculose, estiveron baseadas na avaliación do risco existente. A finalidade das mesmas é controlar e extinguir o foco, garantir a viabilidade sanitaria das explotacións da Serra da Capelada e protexer ao resto de gandeiros non afectados. Un aspecto clave para o control da tuberculose nas explotacións de monte é analizar globalmente o problema e estudar as relacións de contaxio directas e indirectas existentes entre as explotacións dun mesmo titular e de gandeiros veciños.



A raíz do illamento de tuberculose en 2016, os servizos veterinarios oficiais confirmaron que existía unha recirculación da infección anterior de tuberculose nas reses bovinas da Serra da Capelada, probablemente debida á existencia de animais infectados latentes ('falsos negativos ás probas de IDTB') e tras o oportuno estudo, procedeuse á inmovilización das 124 explotacións que se considerou que formaban parte da unidade epidemiolóxica afectada.

Durante o 2017 e 2018 realizáronse novas probas diagnósticas ás reses da unidade epidemiolóxica, a raíz das que se desinmobilizaron totalmente 90 explotacións, sen restricións de movementos. En función do establecido no programa nacional de erradicación de tuberculose, todas estas explotacións desinmobilizadas deberán realizar probas previas ao movemento a todas as reses que vendan a outras explotacións de reprodución de Galicia. Esta información foi trasladada a cada un dos titulares implicados para o seu coñecemento.

Finalmente, debe indicarse que Galicia é a comunidade autónoma da península con menor prevalenza de TB (porcentaxe de rabaños infectados de TB respecto ao total de revisados), acadando un valor do 0.02 % en 2017, en relación ao 2.32 % da media nacional e ao 12.34 % doutras CCAA do sur do país. A situación epidemiolóxica de Galicia, próxima á erradicación, foi acadada grazas á utilización de medidas firmes e globais nos focos de TB xurdidos. A prevalenza actual beneficia a todos e sitúa aos gandeiros desta rexión nunha posición privilexiada para a comercialización dos seus animais e produtos en España e no estranxeiro. De feito, o día 11.12.2018, o Comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos da Comisión Europea, aprobou por unanimidade a declaración de Pontevedra como provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina, e nas restantes provinciais están computándose xa os prazos para acadar a dita declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:06:42
Nº Rexistro: 48818
Data envío: 05/04/2019 13:06:42.377

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:06:33

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27098**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“a realización pola Xunta de Galicia dalgún informe en relación coas consecuencias da implantación de grandes superficies comerciais para o comercio local, o emprego e os pequenos propietarios de locais comerciais, así como dalgún estudo ao respecto na zona metropolitana da Coruña, e a súa consideración para a concesións das autorizacións necesarias, segundo o artigo 29 da Lei de comercio interior de Galicia”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 27099 que tivo lugar na sesión plenaria do 25 de abril de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/plenno-2018-04-25?part=4a5a5cd5-e5c9-47cd-8c25-5d74c0347514&start=9247>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 17:53:35
Nº Rexistro: 49021
Data envío: 10/04/2019 17:53:35.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/04/2019 17:53:17

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31293**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“o impulso na actualidade polo Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Comercio, de campañas de información ás persoas consumidoras en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contrataren ou trasladaren os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica, así como as actuacións previstas ao respecto diante desas compañías”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería d Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 38761 que tivo lugar na sesión do 12 de decembro de 2018 da Comisión 6º, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-12-12?part=7ba5aed4-5a87-4830-9fe4-31c68a636cc8&start=1365>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 13:59:34
Nº Rexistro: 49012
Data envío: 10/04/2019 13:59:34.573

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/04/2019 13:59:30

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **32713** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre “**o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina no contorno da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018**”, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A tuberculose bovina está causada por bacterias do xénero *Mycobacterium* incluídas no complexo *Mycobacterium tuberculosis*, que inclúe varias especies (*M. Tuberculosis*, *M. Bovis*, *M. caprae*), capaces de infectar e causar a enfermidade a todo tipo de mamíferos. Por outra banda, as lesións causadas pola tuberculose poden afectar a calquera órgano ou ganglio do corpo dos mamíferos, non obstante existen algúns órganos e ganglios onde hai máis probabilidade de detección.

Ao respecto do sinalado na exposición de motivos, debe sinalarse que a tuberculose é unha enfermidade endémica na Serra da Capelada. Entre 2003 e 2013, foron detectadas 255 reses infectadas e nun 15% delas conseguíuse o illamento laboratorial do axente patóxeno, pese á enorme dificultade para o mesmo. Non obstante, a presenza da tuberculose na Serra é anterior ao ano 2003. O caso confirmado en 2016, así como os posteriores, son continuación da situación anterior.

As medidas de control e preventivas realizadas ata o momento na unidade epidemiolóxica da Serra da Capelada, desde o inicio do foco de tuberculose, estiveron baseadas na avaliación do risco existente. A finalidade das mesmas é controlar e extinguir o foco, garantir a viabilidade sanitaria das explotacións da Serra da Capelada e protexer ao resto de gandeiros non afectados. Un aspecto clave para o control da tuberculose nas explotacións de monte é analizar globalmente o problema e estudar as relacións de contaxio directas e indirectas existentes entre as explotacións dun mesmo titular e de gandeiros veciños.



A raíz do illamento de tuberculose en 2016, os servizos veterinarios oficiais confirmaron que existía unha recirculación da infección anterior de tuberculose nas reses bovinas da Serra da Capelada, probablemente debida á existencia de animais infectados latentes ('falsos negativos ás probas de IDTB') e tras o oportuno estudo, procedeuse á inmovilización das 124 explotacións que se considerou que formaban parte da unidade epidemiolóxica afectada.

Durante o 2017 e 2018 realizáronse novas probas diagnósticas ás reses da unidade epidemiolóxica, a raíz das que se desinmobilizaron totalmente 90 explotacións, sen restricións de movementos. En función do establecido no programa nacional de erradicación de tuberculose, todas estas explotacións desinmobilizadas deberán realizar probas previas ao movemento a todas as reses que vendan a outras explotacións de reprodución de Galicia. Esta información foi trasladada a cada un dos titulares implicados para o seu coñecemento.

Finalmente, debe indicarse que Galicia é a comunidade autónoma da península con menor prevalenza de TB (porcentaxe de rabaños infectados de TB respecto ao total de revisados), acadando un valor do 0.02 % en 2017, en relación ao 2.32 % da media nacional e ao 12.34 % doutras CCAA do sur do país. A situación epidemiolóxica de Galicia, próxima á erradicación, foi acadada grazas á utilización de medidas firmes e globais nos focos de TB xurdidos. A prevalenza actual beneficia a todos e sitúa aos gandeiros desta rexión nunha posición privilexiada para a comercialización dos seus animais e produtos en España e no estranxeiro. De feito, o día 11.12.2018, o Comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos da Comisión Europea, aprobou por unanimidade a declaración de Pontevedra como provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina, e nas restantes provinciais están computándose xa os prazos para acadar a dita declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:06:55
Nº Rexistro: 48819
Data envío: 05/04/2019 13:06:55.948

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:06:52

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33382**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e a resposta dada polo Goberno galego ao escrito das traballadoras da empresa concesionaria do servizo de limpeza da Xunta de Galicia referido á discriminación laboral e salarial por razón de sexo que están a padecer, a súa opinión en relación coa garantía na actualidade dos dereitos reflectidos no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, en materia de igualdade, así como as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 338 do 19 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o 24 de outubro de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 33384, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-10-24?part=7e592a4f-c1ef-4bd1-b7b8-1491773f16ee&start=3191>

En todo caso, reitérase que a Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades a protección dos dereitos dos traballadores das distintas empresas adxudicatarias dos contratos que licita. Boa proba son as cláusulas incluídas nos pregos que rexen as diferentes licitacións dos contratos da Xunta de Galicia.

No caso concreto ao que se fai referencia (contrato de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia), no prego que rexe a contratación inclúense, entre outras cláusulas, diferentes obrigas para o adxudicatario en relación aos dereitos dos traballadores e traballadoras, entre outras, as seguintes: ‘o adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo.’; ‘o adxudicatario queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo’.



En consecuencia, o prego desta licitación artículase coma un mecanismo protector da persoa traballadora e garante da prestación do servizo, culminando estas medidas coa consideración de incumprimento grave, que xustificaría a resolución do contrato, 'a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores/as e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexa directamente ou ben mediante coaccións'.

Polo que se refire ao conflito en cuestión, xurdido en relación coa suba de categoría profesional de catro peóns limpadores á categoría de peón especialista, cómpre sinalar que a potestade de modificar as categorías profesionais do persoal adscrito ao contrato correspóndelle á empresa que a realiza atendendo ao disposto no convenio colectivo e á efectiva prestación das funcións que se realicen.

Non obstante, por parte da Xunta de Galicia, unha vez que se tivo coñecemento desta reclamación sindical, solicitóuselle información á empresa adxudicataria sobre os feitos denunciados.

Aínda que, segundo a información facilitada pola empresa contratista, as modificacións realizadas axustáranse ao establecido no Convenio Colectivo, de forma que quen realiza as funcións dunha categoría superior as perciba e quen teña un traballo no que se dan os requisitos de penosidade, perciba o correspondente complemento, a Xunta de Galicia instou a que se establecesen negociacións entre a empresa e o Comité de Empresa.

Trala negociación de achegamento de posturas entre a empresa e o Comité de Empresa, pechouse finalmente un acordo por unanimidade entre a parte social e a empresarial.

Este acordo respaldouse polas catro organizacións sindicais representadas no Comité (CIG, CCOO, UGT e CUT) e foi ratificado en assemblea de traballadores o pasado 18 de decembro por 65 votos a favor, 5 en contra e 10 abstencións.

O 5 de febreiro de 2019 asinouse o referido acordo por parte da empresa adxudicataria do servizo e por todos os sindicatos integrados no Comité de Empresa“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48868
Data envío: 08/04/2019 14:03:38.326

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:03:32

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25061** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar e fomentar a actividade ovina e caprina en Galicia”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural leva anos desenvolvendo diferentes medidas de apoio ao sector ovino e cabrún, estando en estudo outras medidas de apoio destinadas a reforzar este sector.

Entre estas medidas, cabe sinalar entre outras, a orde para o fomento das razas autóctonas, publicada anualmente (a última delas a *ORDE do 23 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas e se convocan para o ano 2019*), na que os beneficiarios son as organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos, entre elas a Asociación de Criadores de Raza Ovella Galega – ASOVEGA e a Asociación de Criadores da Raza Cabra Galega - CAPRIGA.

As actuacións destinadas aos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en xeral, entre os que se atopan a Ovella e Cabra Galega, están recollidas na Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020, apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura. A submedida consiste en fomentar a inclusión dos recursos xenéticos agrícolas e gandeiros autóctonos en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente, mellorando a súa conservación, caracterización e avaliación.

Así mesmo, no actual PDR de Galicia 2014-2020 publicáronse tres convocatorias destas axudas (2016, 2017 e 2018), ás que os titulares de explotacións ovina e cabrúas poden acceder a través de tres liñas:

- *Medida 4, Investimentos en activos físicos. Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas*



explotacións agrícolas (plans de mellora nas explotacións agrarias).

- Medida 6, Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais. Submedida 6.1., creación de empresas para os agricultores mozos.

- Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais. Submedida 6.3, creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

No marco dos pagamentos directos á agricultura, ademais das liñas de axuda integradas polo pagamento básico aos agricultores («réxime de pagamento básico»), o pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente, e o pagamento suplementario para os agricultores mozos que comezan a súa actividade agrícola, contéplase un réxime de axuda asociada para as explotacións de ovino, e unha axuda asociada para as explotacións de cabrún.

E no marco das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, contéplase as de Agroambiente e clima (submedida 10.1), concedidas aos agricultores que se comprometan voluntariamente a realizar operacións consistentes nun ou varios compromisos agroambientais e climáticos na superficie agrícola da súa explotación, e que compensarán os custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. Entre os compromisos agroambientais e climáticos aos cales se poden acoller os agricultores polas unidades de produción atópanse as razas autóctonas en perigo de extinción, como a ovella e a cabra galega, sendo ademais este compromiso compatible coas axudas á agricultura ecolóxica, tamén reguladas nesta orde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:08:48
Nº Rexistro: 48825
Data envío: 05/04/2019 13:08:48.540

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:08:34

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25797**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento en Galicia do Decreto 124/2014, do 11 de setembro, polo que se determina a estrutura e a organización da oficina fiscal en Galicia e da Unidade de Apoio á Fiscalía Superior”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A última memoria da Fiscalía Superior de Galicia presentada no Parlamento de Galicia, correspondente ao ano 2017, recolle que a Comunidade Autónoma de Galicia ‘ten unha ratio de fiscais superior á ratio do conxunto de España’.

Con relación ao nomeado ‘persoal colaborador (oficina fiscal)’, o incremento de prazas para adecuar a ratio de persoal funcionario das oficinas fiscais a 1 fiscal-1 tramitador/a tense tratado polos representantes da Fiscalía e a Xunta de Galicia, abordándose con medidas de reforzo as necesidades que a Fiscalía trasladaba en tanto se producía o efectivo incremento do cadro de persoal.

Finalmente, cómpre recordar tamén que a medida de dotación de persoal funcionario nas oficinas fiscais recolleuse no acordo asinado coas organizacións sindicais para poñer fin á folga da Administración da Xustiza do pasado ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:07:53
Nº Rexistro: 48822
Data envío: 05/04/2019 13:07:53.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:07:49

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48874

Data envío: 08/04/2019 14:29:14.221

Data 08/04/2019 14:29

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25803**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“á autorización de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a realización das obras que se están a realizar no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten acometido nos últimos anos, e ao abeiro do Plan de infraestruturas xudiciais, grandes reformas nas instalacións da Administración de Xustiza. Entre as mesmas, dotouse á cidade de Ourense dun novo edificio xudicial, cun investimento de máis de 18 millóns de euros.

Grazas á construción do novo edificio, liberáronse espazos no Pazo de Xustiza da Audiencia Provincial. Así, e coa finalidade de aproveitar os espazos con eficiencia, planificáronse outras obras para adaptar e modernizar os espazos que ocupan as distintas seccións, así como habilitar outros para albergar a Unidade da Policía Autonómica.

Estas obras consisten, por unha banda, en obras menores suxeitas a comunicación, sen necesidade de proxecto técnico e que non afectan a elementos protexidos (artigo 52 da Ordenanza municipal reguladora de actos de natureza urbanística); e, por outra banda outras, obras que, efectivamente, por afectar a elementos protexidos do edificio si están suxeitas a licenza.



Por todo iso e seguindo os criterios indicados polo Servizo de Coordinación da Área Cultural de Delegación Territorial de Ourense, ao que se lle consultou previamente por ser o Pazo de Xustiza de Ourense un ben catalogado con protección estrutural, encargouse a redacción dun proxecto para a instalación do ascensor e da rampa exterior no Pazo de Xustiza. A licenza de reforma de espazos para a Policía Autonómica no Pazo de Xustiza foi concedida e notificada polo Servizo de licenzas urbanísticas do Concello de Ourense, e a partires da licencia fixéronse as actuacións estruturais (rampa e ascensor).

Por último, a realización das obras no inmovible titularidade da Xunta de Galicia non requiren dunha decisión por parte do Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da obrigada comunicación ás autoridades do Poder xudicial, pois a modificación da afectación do espazo produciuse coa previa mudanza ao novo edificio xudicial da rúa Velázquez s/n”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48874
Data envío: 08/04/2019 14:29:14.221

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:29:08

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25810**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a nulidade das sentenzas militares que condenaron a persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas resposta ás iniciativas con número de rexistro 12985, 12986 e 12987 presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, cómpre recordar que a Xunta de Galicia subscribe o seu pleno compromiso coa defensa dos dereitos fundamentais, os principios do Estado de Dereito e a convivencia democrática. Por outra banda, o artigo 9.1. da Constitución Española dispón que a cidadanía e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, polo que, como non podería sen doutra maneira, a Xunta de Galicia acata e actúa consonte a legalidade vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:07:38
Nº Rexistro: 48821
Data envío: 05/04/2019 13:07:38.844

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:07:35

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26200**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central dos cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Na Administración de xustiza está recoñecida, xunto á do castelán, a oficialidade das linguas autonómicas.

A materialización lexislativa desta competencia estatal atópase no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que recoñece o dereito ao uso das linguas oficiais ante a Administración de xustiza no marco da cooficialidade, segundo o que en todas as actuacións xudiciais os xuíces e xuízas, maxistrados/as, fiscais, letrados/as da Administración de xustiza, e demais persoal funcionario dos xulgados e tribunais ‘usarán o castelán, lingua oficial do Estado. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón alegando descoñecemento dela que puidera producir indefensión.’

En paralelo, tamén está amparado e garantido (art. 231.3 LOPX) o dereito da cidadanía a utilizar a lingua oficial da súa elección, tanto nas súas manifestacións orais como escritas, e



sendo que a Xunta de Galicia garante a cooficialidade lingüística na Administración da xustiza en Galicia no actual escenario normativo.

Desde a Administración Autonómica, que xestiona as competencias transferidas en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, se seguirá a traballar para prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia, e o ritmo da necesaria adaptación ás esixencias do réxime de cooficialidade e a normalización progresiva do uso do galego na Administración de xustiza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49059
Data envío: 11/04/2019 14:40:36.629

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:40:33

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27395**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para a entrada en funcionamento do novo edificio xudicial da Parada, en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 276 do 14 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra comezaron a finais do verán de 2016, logo da adxudicación. No momento de iniciar a cimentación atopouse unha problemática polas dificultades coa estabilidade do terreo, o que resultou en que a solución técnica para parte da cimentación e estrutura que se contemplaba no proxecto non fose viable debido ás características do solar.

As características do terreo, o nivel freático e a aparición de bolos de granito como recheo feito polo home, fixeron inviable a cimentación proxectada, polo que obrigaron a estudar e ensaiar diversos sistemas de cimentación e o cambio na execución do muro de contención contra a rúa Hortas. Todo isto levou a un recálculo da estrutura, incluída a estrutura da pasarela de conexión co edificio actual dos xulgados, coa conseguinte demora na execución da obra.

A día de hoxe, os traballos están en plena execución co obxectivo de que o edificio estea rematado este mesmo ano.



No que atinxe ao compromiso de execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, no mes de xuño de 2016 a Vicepresidencia remitiu ao Concello de Pontevedra o compromiso de executalas, axustadas ás ordenanzas de aplicación.

A tales efectos, nesta remisión xuntouse o correspondente informe técnico acreditativo de todos estes extremos, que xa se atopaban previstos no proxecto de execución para o novo edificio xudicial, informado favorablemente polo Concello de Pontevedra o 1 de xuño de 2016.

Neste sentido, a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49060
Data envío: 11/04/2019 14:41:39.596

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:41:36

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28185** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Daniel Vega Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración que fai a Consellería de Medio Rural respecto á situación da tuberculose e brucelose bovina en Galicia**”, (publicada no BOPG número 284 do 27 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A tuberculose bovina está causada por bacterias do xénero *Mycobacterium* incluídas no complexo *Mycobacterium tuberculosis*, que inclúe varias especies (*M. Tuberculosis*, *M. Bovis*, *M. caprae*), capaces de infectar e causar a enfermidade a todo tipo de mamíferos. Por outra banda, as lesións causadas pola tuberculose poden afectar a calquera órgano ou ganglio do corpo dos mamíferos, non obstante existen algúns órganos e ganglios onde hai máis probabilidade de detección.

Ao respecto do sinalado na exposición de motivos, debe sinalarse que a tuberculose é unha enfermidade endémica na Serra da Capelada. Entre 2003 e 2013, foron detectadas 255 reses infectadas e nun 15% delas conseguíuse o illamento laboratorial do axente patóxeno, pese á enorme dificultade para o mesmo. Non obstante, a presenza da tuberculose na Serra é anterior ao ano 2003. O caso confirmado en 2016, así como os posteriores, son continuación da situación anterior.

As medidas de control e preventivas realizadas ata o momento na unidade epidemiolóxica da Serra da Capelada, desde o inicio do foco de tuberculose, estiveron baseadas na avaliación do risco existente. A finalidade das mesmas é controlar e extinguir o foco, garantir a viabilidade sanitaria das explotacións da Serra da Capelada e protexer ao resto de gandeiros non afectados. Un aspecto clave para o control da tuberculose nas explotacións de monte é analizar globalmente o problema e estudar as relacións de contaxio directas e indirectas existentes entre as explotacións dun mesmo titular e de gandeiros veciños.



A raíz do illamento de tuberculose en 2016, os servizos veterinarios oficiais confirmaron que existía unha recirculación da infección anterior de tuberculose nas reses bovinas da Serra da Capelada, probablemente debida á existencia de animais infectados latentes ('falsos negativos ás probas de IDTB') e tras o oportuno estudo, procedeuse á inmovilización das 124 explotacións que se considerou que formaban parte da unidade epidemiolóxica afectada.

Durante o 2017 e 2018 realizáronse novas probas diagnósticas ás reses da unidade epidemiolóxica, a raíz das que se desinmobilizaron totalmente 90 explotacións, sen restricións de movementos. En función do establecido no programa nacional de erradicación de tuberculose, todas estas explotacións desinmobilizadas deberán realizar probas previas ao movemento a todas as reses que vendan a outras explotacións de reprodución de Galicia. Esta información foi trasladada a cada un dos titulares implicados para o seu coñecemento.

Finalmente, debe indicarse que Galicia é a comunidade autónoma da península con menor prevalenza de TB (porcentaxe de rabaños infectados de TB respecto ao total de revisados), acadando un valor do 0.02 % en 2017, en relación ao 2.32 % da media nacional e ao 12.34 % doutras CCAA do sur do país. A situación epidemiolóxica de Galicia, próxima á erradicación, foi acadada grazas á utilización de medidas firmes e globais nos focos de TB xurdidos. A prevalenza actual beneficia a todos e sitúa aos gandeiros desta rexión nunha posición privilexiada para a comercialización dos seus animais e produtos en España e no estranxeiro. De feito, o día 11.12.2018, o Comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos da Comisión Europea, aprobou por unanimidade a declaración de Pontevedra como provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina, e nas restantes provinciais están computándose xa os prazos para acadar a dita declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:07:24
Nº Rexistro: 48820
Data envío: 05/04/2019 13:07:24.706

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:07:14

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32715** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre “**o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina no contorno da serra da Capelada**”, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A tuberculose bovina está causada por bacterias do xénero *Mycobacterium* incluídas no complexo *Mycobacterium tuberculosis*, que inclúe varias especies (*M. Tuberculosis*, *M. Bovis*, *M. caprae*), capaces de infectar e causar a enfermidade a todo tipo de mamíferos. Por outra banda, as lesións causadas pola tuberculose poden afectar a calquera órgano ou ganglio do corpo dos mamíferos, non obstante existen algúns órganos e ganglios onde hai máis probabilidade de detección.

Ao respecto do sinalado na exposición de motivos, debe sinalarse que a tuberculose é unha enfermidade endémica na Serra da Capelada. Entre 2003 e 2013, foron detectadas 255 reses infectadas e nun 15% delas conseguíuse o illamento laboratorial do axente patóxeno, pese á enorme dificultade para o mesmo. Non obstante, a presenza da tuberculose na Serra é anterior ao ano 2003. O caso confirmado en 2016, así como os posteriores, son continuación da situación anterior.

As medidas de control e preventivas realizadas ata o momento na unidade epidemiolóxica da Serra da Capelada, desde o inicio do foco de tuberculose, estiveron baseadas na avaliación do risco existente. A finalidade das mesmas é controlar e extinguir o foco, garantir a viabilidade sanitaria das explotacións da Serra da Capelada e protexer ao resto de gandeiros non afectados. Un aspecto clave para o control da tuberculose nas explotacións de monte é analizar globalmente o problema e estudar as relacións de contaxio directas e indirectas existentes entre as explotacións dun mesmo titular e de gandeiros veciños.

A raíz do illamento de tuberculose en 2016, os servizos veterinarios oficiais confirmaron que



existía unha recirculación da infección anterior de tuberculose nas reses bovinas da Serra da Capelada, probablemente debida á existencia de animais infectados latentes ('falsos negativos ás probas de IDTB') e tras o oportuno estudo, procedeuse á inmovilización das 124 explotacións que se considerou que formaban parte da unidade epidemiolóxica afectada.

Durante o 2017 e 2018 realizáronse novas probas diagnósticas ás reses da unidade epidemiolóxica, a raíz das que se desinmobilizaron totalmente 90 explotacións, sen restricións de movementos. En función do establecido no programa nacional de erradicación de tuberculose, todas estas explotacións desinmobilizadas deberán realizar probas previas ao movemento a todas as reses que vendan a outras explotacións de reprodución de Galicia. Esta información foi trasladada a cada un dos titulares implicados para o seu coñecemento.

Finalmente, debe indicarse que Galicia é a comunidade autónoma da península con menor prevalenza de TB (porcentaxe de rabaños infectados de TB respecto ao total de revisados), acadando un valor do 0.02 % en 2017, en relación ao 2.32 % da media nacional e ao 12.34 % doutras CCAA do sur do país. A situación epidemiolóxica de Galicia, próxima á erradicación, foi acadada grazas á utilización de medidas firmes e globais nos focos de TB xurdidos. A prevalenza actual beneficia a todos e sitúa aos gandeiros desta rexión nunha posición privilexiada para a comercialización dos seus animais e produtos en España e no estranxeiro. De feito, o día 11.12.2018, o Comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos da Comisión Europea, aprobou por unanimidade a declaración de Pontevedra como provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina, e nas restantes provinciais están computándose xa os prazos para acadar a dita declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:44:29
Nº Rexistro: 48828
Data envío: 05/04/2019 13:44:29.429

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:44:11

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48871

Data envío: 08/04/2019 14:04:59.020

Data 08/04/2019 14:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22052**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intención da Xunta de Galicia de elaborar novos plans de substitución da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego mantén o seu continuado interese pola mellora de vehículos e medios materiais, así como das condicións de traballo, do persoal que presta os seus servizos na Unidade de Policía Adscrita (UPA).

De feito, no marco das actuacións de renovación dos distintos vehículos da Policía Autonómica, a finais de 2018 eleváronse a 63 os vehículos novos entregados nos últimos 5 anos, o que supuxo unha renovación do 60% da flota da unidade e un investimento de 1,6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48871
Data envío: 08/04/2019 14:04:59.020

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:04:37

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:08:24
Nº Rexistro: 48824

Data envío: 05/04/2019 13:08:24.428

Data 05/04/2019 13:08

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **25568**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do tratamento dado ás vítimas mortais da vaga de incendios forestais de outubro de 2017 e ás súas familias, o significado da redacción que presenta o artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados por eses lumes, e o prazo previsto para a súa materialización”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da sesión plenaria do 8 de novembro, no debate da iniciativa con número de rexistro 19414, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2017-11-08?part=4503c16d-057b-4112-a600-c8f281a3b124&start=1349>

En todo caso, indicar:

A Xunta de Galicia articulou unha resposta áxil e coordinada de todo o Goberno galego para facer fronte ás consecuencias da vaga de lumes do pasado mes de outubro. Así, unha semana despois do suceso, aprobaba en Consello o Decreto 102/207, do 19 de outubro, de medidas urxentes para a reparación de danos causados; e o 30 de outubro publicaba no



Diario Oficial de Galicia unha orde conxunta que agrupaba as subvencións dos distintos departamentos autonómicos para facilitar a súa tramitación.

Cómpre recordar, ademais que, en aras de que as axudas fosen efectivas o antes posible, se habilitaron anticipos do 100%, do 50% ou do 25% en varias das convocatorias.

O orzamento inicial desta orde ascendía a 11,3 millóns de euros, que posteriormente foron ampliados ata os 13,2 millóns de euros mediante unha resolución da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que sumou 1,9 millóns de euros ao orzamento destinado a sufragar os gastos de vivendas danadas e o seu enxoval doméstico. A este orzamento hai que sumar os 9,8 millóns de euros investidos pola Xunta en actuacións directas en distintos ámbitos: nos montes e estradas afectadas, ou nos parques naturais.

Esta convocatoria conxunta do Goberno galego habilitou axudas para poder paliar os danos causados pola vaga de lumes nun amplo abano de supostos, como a de afectación a bens de titularidade municipal; pero tamén a vivendas, negocios e, por suposto, por danos persoais.

As axudas para danos persoais dispoñían dunha partida de 350.000 euros, no que se fixaban 75.000 euros por vítima para os casos de falecemento ou incapacidade permanente e tamén se incluían gastos de asistencia médica e hospitalización. As axudas, que xa se fixeron efectivas, chegaron a 12 persoas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:08:24
Nº Rexistro: 48824
Data envío: 05/04/2019 13:08:24.428

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:08:17

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48870

Data envío: 08/04/2019 14:04:27.749

Data 08/04/2019 14:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **25587**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Dirección Xeral de Xustiza da licenza de Patrimonio Cultural para as obras que se están a levar a cabo no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense, así como do pertinente acordo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para unha cesión de uso respecto dese edificio”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten acometido nos últimos anos, e ao abeiro do Plan de infraestruturas xudiciais, grandes reformas nas instalacións da Administración de Xustiza. Entre as mesmas, dotouse á cidade de Ourense dun novo edificio xudicial, cun investimento de máis de 18 millóns de euros.

Grazas á construción do novo edificio, liberáronse espazos no Pazo de Xustiza da Audiencia Provincial. Así, e coa finalidade de aproveitar os espazos con eficiencia, planificáronse outras obras para adaptar e modernizar os espazos que ocupan as distintas seccións, así como habilitar outros para albergar a Unidade da Policía Autonómica.

Estas obras consisten, por unha banda, en obras menores suxeitas a comunicación, sen necesidade de proxecto técnico e que non afectan a elementos protexidos (artigo 52 da Ordenanza municipal reguladora de actos de natureza urbanística); e, por outra banda outras, obras que, efectivamente, por afectar a elementos protexidos do edificio si están suxeitas a licenza.



Xacobeo 2021

página 1 de 2



Por todo iso e seguindo os criterios indicados polo Servizo de Coordinación da Área Cultural de Delegación Territorial de Ourense, ao que se lle consultou previamente por ser o Pazo de Xustiza de Ourense un ben catalogado con protección estrutural, encargouse a redacción dun proxecto para a instalación do ascensor e da rampa exterior no Pazo de Xustiza. A licenza de reforma de espazos para a Policía Autonómica no Pazo de Xustiza foi concedida e notificada polo Servizo de licenzas urbanísticas do Concello de Ourense, e a partires da licencia fixéronse as actuacións estruturais (rampa e ascensor).

Por último, a realización das obras no inmovible titularidade da Xunta de Galicia non requiren dunha decisión por parte do Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da obrigada comunicación ás autoridades do Poder xudicial, pois a modificación da afectación do espazo produciuse coa previa mudanza ao novo edificio xudicial da rúa Velázquez s/n”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48870
Data envío: 08/04/2019 14:04:27.749

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:04:17

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48869

Data envío: 08/04/2019 14:04:01.472

Data 08/04/2019 14:03

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **25596**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio de Xustiza da modificación do programa informático Inforeg co fin de posibilitar as inscricións en lingua galega no Rexistro Civil”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro Civil depende directamente do Ministerio de Xustiza e todos os asuntos referentes ao mesmo están encomendados á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado (competencia exclusiva do Estado, art. 149.1.8ª CE).

Para a xestión das inscricións deste rexistro o Ministerio de Xustiza desenvolveu a aplicación denominada INFOREG, pola que se fai o tratamento informático dos asentos do Rexistro Civil. Emprégase en todo o Estado español sendo mantida e xestionada directamente desde o Ministerio.

Esta aplicación informática é multilinguaxe, e leva implantada en Galicia unha década, permitindo que o nacemento dun neno, os casamentos e as defuncións poidan escribirse en galego a petición da persoa interesada.

A incidencia á que se refire a pregunta tivo lugar en anos anteriores, sendo solventada, e viña dada pola incorporación en outubro de 2015 da funcionalidade que posibilitou tramitar telematicamente as inscricións de nacemento directamente desde os centros hospitalarios – que evita que os proxenitores teñan que desprazarse fisicamente ata a sede do rexistro civil para inscribir ao/a recém nado/a-. No campo do idioma daquela nova funcionalidade



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



incorporada ao programa INFOREG de comunicación da inscrición desde os centros hospitalarios detectouse a incidencia mencionada, que foi reportada ao Ministerio de Xustiza e resolta no seu momento. Nas recentes versións implementadas non constan ao longo do ano 2018 nin en 2019 incidencias no dito sentido comunicadas polos usuarios do aplicativo.

Para o rexistro das demais inscricións, a aplicación estivo e está a funcionar con normalidade e permítelle ao usuario escolla da interface tanto en galego como en castelán, e consecuentemente a inscrición e expedición de certificacións en ambos os dous idiomas.

En resumo, a aplicación informática INFOREG é plenamente multilinguaxe, e de existir incidencias -como adoita suceder con calquera programa informático na súa inicial posta en funcionamento- son reportadas para a súa resolución ao organismo administrador do sistema, que neste caso é o Ministerio de Xustiza (Dirección Xeral de Rexistros e Notariado)”.
”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48869
Data envío: 08/04/2019 14:04:01.472

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:03:57

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25597**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados "ad hoc" que condenaron persoas inocentes durante os anos da Guerra Civil por defender a legalidade republicana e a opinión do Goberno galego en relación co recoñecemento, reparación e dignificación da memoria das vítimas da Guerra Civil e do franquismo”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas resposta ás iniciativas con número de rexistro 12985, 12986 e 12987 presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, cómpre recordar que a Xunta de Galicia subscribe o seu pleno compromiso coa defensa dos dereitos fundamentais, os principios do Estado de Dereito e a convivencia democrática. Por outra banda, o artigo 9.1. da Constitución Española dispón que a cidadanía e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, polo que, como non podería sen doutra maneira, a Xunta de Galicia acata e actúa consonte a legalidade vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:08:07
Nº Rexistro: 48823
Data envío: 05/04/2019 13:08:07.456

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:08:04

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26201**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central dos cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Na Administración de xustiza está recoñecida, xunto á do castelán, a oficialidade das linguas autonómicas.

A materialización lexislativa desta competencia estatal atópase no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que recoñece o dereito ao uso das linguas oficiais ante a Administración de xustiza no marco da cooficialidade, segundo o que en todas as actuacións xudiciais os xuíces e xuízas, maxistrados/as, fiscais, letrados/as da Administración de xustiza, e demais persoal funcionario dos xulgados e tribunais ‘usarán o castelán, lingua oficial do Estado. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón alegando descoñecemento dela que puidera producir indefensión.’

En paralelo, tamén está amparado e garantido (art. 231.3 LOPX) o dereito da cidadanía a utilizar a lingua oficial da súa elección, tanto nas súas manifestacións orais como escritas, e



sendo que a Xunta de Galicia garante a cooficialidade lingüística na Administración da xustiza en Galicia no actual escenario normativo.

Desde a Administración Autonómica, que xestiona as competencias transferidas en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, se seguirá a traballar para prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia, e o ritmo da necesaria adaptación ás esixencias do réxime de cooficialidade e a normalización progresiva do uso do galego na Administración de xustiza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49058
Data envío: 11/04/2019 14:40:29.217

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:40:26

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27396**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai o Goberno galego respecto dos acordos adoptados na xuntanza levada a cabo pola Comisión Galega de Cooperación Local o día 20 de abril de 2017”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra comezaron a finais do verán de 2016, logo da adxudicación. No momento de iniciar a cimentación atopouse unha problemática polas dificultades coa estabilidade do terreo, o que resultou en que a solución técnica para parte da cimentación e estrutura que se contemplaba no proxecto non fose viable debido ás características do solar.

As características do terreo, o nivel freático e a aparición de bolos de granito como recheo feito polo home, fixeron inviable a cimentación proxectada, polo que obrigaron a estudar e ensaiar diversos sistemas de cimentación e o cambio na execución do muro de contención contra a rúa Hortas. Todo isto levou a un recálculo da estrutura, incluída a estrutura da pasarela de conexión co edificio actual dos xulgados, coa conseguinte demora na execución da obra.

A día de hoxe, os traballos están en plena execución co obxectivo de que o edificio estea rematado este mesmo ano.



No que atinxe ao compromiso de execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, no mes de xuño de 2016 a Vicepresidencia remitiu ao Concello de Pontevedra o compromiso de executalas, axustadas ás ordenanzas de aplicación.

A tales efectos, nesta remisión xuntouse o correspondente informe técnico acreditativo de todos estes extremos, que xa se atopaban previstos no proxecto de execución para o novo edificio xudicial, informado favorablemente polo Concello de Pontevedra o 1 de xuño de 2016.

Neste sentido, a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49056
Data envío: 11/04/2019 14:39:54.771

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:39:51

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34614** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do Informe sobre o gasto público autonómico en residencias para persoas maiores e persoas con discapacidade realizado polo Consello de Contas, e sobre as medidas que vai adoptar para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’ ten previsto datar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. Deste xeito, en Vigo e a Coruña crearanse residencias de 150 prazas, en tanto que en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo serán de 120 prazas cada unha.

Sumarán así un total de 900 prazas, que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, nos avances arquitectónicos e tecnolóxicos, dando prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que teñan nestes centros o seu fogar.

A tal fin convocouse un concurso de ideas arquitectónicas, finalizando o prazo de presentación de propostas o pasado día 28 de febreiro de 2019 e atopándose na actualidade en estudio e análise as propostas presentadas.

O horizonte nos próximos anos prevese cheo de proxectos, cuxos cimentos xa están fortemente arraigados e centran o noso traballo diario.

Desde o ano 2009 incrementáronse 1224 prazas residenciais. E este ano está prevista a creación de novas prazas residenciais e en centros de día e unidades de estimulación terapéutica de Alzheimer.



Ademais as Casas do Maior permitirán a creación de ata 150 prazas novas en servizos de atención á dependencia. Existe o compromiso dunha nova orde de subvencións de continuidade así como a convocatoria para o ano 2020 que permita a apertura de alomenos outras 30 novas casas. Así mesmo, cómpre engadir que a alta demanda de solicitudes non permite que sexa posible dar resposta ás necesidades das persoas en situación de dependencia nos prazos regulados normativamente. Para solventar esta situación a Xunta de Galicia vai implementar diferentes medidas que permitan reducir os tempos de espera na valoración da dependencia e na asignación dun recurso a través do Sistema para a Promoción da Autonomía e Atención á Dependencia. Entre elas, destaca:

- Simplificación administrativa.
- Mellora da xestión e notificación das citas, optimización das rutas e implementación da confirmación a través de SMS.
- Potenciación da utilización da Historia Social Única.
- Establecemento de novos criterios de ordenación do Programa de Asignación de Recursos, priorizando aquelas persoas con maior grado de dependencia e con menor capacidade económica que se atopan nunha maior situación de vulnerabilidade.

Por último, indicar que a Xunta de Galicia continuará adicando todos os seus esforzos a mellorar o Sistema para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Nesta liña, promoverá con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o presente ano o incremento dun 10% na libranza de coidados no contorno familiar; o 15% a libranza de asistencial persoal e aumentará nun 20% para os graos I e III e nun 75% para o grado II, a libranza vinculada ao servizo de asistencia residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:05:40
Nº Rexistro: 48816
Data envío: 05/04/2019 13:05:40.188

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:05:31

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34647**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do impacto da sentenza de Juana Rivas en Galicia e sobre as actuacións que ten previsto levar a cabo o Goberno galego para mellorar a integración da perspectiva de xénero e dos dereitos humanos no ámbito xudicial”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego mantén un pleno compromiso na loita contra a violencia de xénero a través de todos os seus departamentos, en tanto é un camiño que require do esforzo conxunto de todas as institucións, administracións e da sociedade en xeral.

Neste marco, en referencia exclusiva á Administración de Xustiza, cómpre destacar que o Goberno galego está a traballar arreo para acadar unha maior formación, coordinación e dotación de recursos no ámbito xudicial dentro das súas competencias.

Así, a través da Escola Galega de Administración Pública estanse a impartir cursos de formación en materia de xénero ao persoal dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais -malia que a formación dirixida a xuíces, fiscais e letrados da Administración de xustiza depende do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado e do Ministerio de Xustiza- a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial co gallo de favorecer a formación continua dos xuíces destinados en Galicia. Ao abeiro deste acordo, no ano 2018 contemplouse expresamente a oferta de prazas para actividade sobre violencia de xénero, e mesmo neste 2019 está prevista a actividade relativa ás mulleres e menores como vítimas directas ou secundarias.

Fóra da formación propiamente dita, a Xunta ten posto en marcha outras actuacións para mellorar a atención xudicial ás vítimas da violencia de xénero como: o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade



Autónoma de Galicia; a habilitación de espazos axeitados nos xulgados; a dotación de medios técnicos que permitan gravar as declaracións das mulleres para que non teñan que repetilas, suprimindo as asistencias prescindibles aos xuízos; a atención de forma prioritaria das necesidades materiais e de persoal competencia da Comunidade Autónoma dos xulgados exclusivos de violencia sobre a muller (sitos na Coruña e Vigo), así como doutros xulgados especializados en materia de violencia de xénero; ou o impulso das Oficinas de Atención ás Vítimas coa dotación de psicólogos nos xulgados das 7 cidades galegas.

Ademais, e no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta porá en marcha novas medidas como unha quenda de garda psicolóxica e especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores; ou un Plan de acompañamento e asesoramento á vítima, que contará coa colaboración dos colexios de avogacía, procuradores e psicoloxía para implantar un protocolo único de cooperación co obxectivo principal de evitar a vitimización secundaria da muller.

Ao abeiro do Pacto de Estado tamén se porán en marcha outras medidas novidasas como o Plan estratéxico de atención integral aos menores orfos/as por causa de violencia de xénero; a ampliación da Rede galega de acollemento; ou a mellora do acceso á vivenda, xunto con incentivos a empresas para a contratación de mulleres vítimas desta lacra.

Ademais, a Xunta mantén o compromiso de seguir reclamando melloras onde non pode actuar directamente por falta de competencias co obxectivo de prover da mellor asistencia xudicial ás mulleres que sofren a violencia de xénero.

Por último, en todo caso, cómpre lembrar que o Goberno galego respecta as sentenzas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48727
Data envío: 04/04/2019 14:42:51.687

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:42:48

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34918** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa cobertura da demanda existente de man de obra cualificada no sector agrogandeiro”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 14 de marzo de 2019 ao dar contestación o director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, á pregunta número 46179.

A este respecto cabe destacar que o número de alumnos matriculados nos diferentes ciclos formativos ofertados polos centros que dependen da Consellería do Medio Rural no presente curso ascende a 344, no que atinxe á formación regrada, que abarca ciclos de grao medio e superior.

Así mesmo, no eido da formación continua, ao longo do ano 2018 impartíronse por parte das entidades propias da Agacal preto de dúascentas accións formativas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:04:18
Nº Rexistro: 48812
Data envío: 05/04/2019 13:04:18.715

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:04:12

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48724

Data envío: 04/04/2019 14:42:09.512

Data 04/04/2019 14:42

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36252**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa o cumprimento polo Goberno galego do establecido no Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e a ratio ideal por fiscalía, así como as actuacións que vai levar a cabo en relación coas reclamacións reflectidas na Memoria da Fiscalía Superior de Galicia”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A última memoria da Fiscalía Superior de Galicia presentada no Parlamento de Galicia, correspondente ao ano 2017, recolle que a Comunidade Autónoma de Galicia ‘ten unha ratio de fiscais superior á ratio do conxunto de España’.

Con relación ao nomeado ‘persoal colaborador (oficina fiscal)’, o incremento de prazas para adecuar a ratio de persoal funcionario das oficinas fiscais a 1 fiscal-1 tramitador/a tense tratado polos representantes da Fiscalía e a Xunta de Galicia, abordándose con medidas de reforzo as necesidades que a Fiscalía trasladaba en tanto se producía o efectivo incremento do cadro de persoal.



Finalmente, cómpre recordar tamén que a medida de dotación de persoal funcionario nas oficinas fiscais recolleuse no acordo asinado coas organizacións sindicais para poñer fin á folga da Administración da Xustiza do pasado ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48724
Data envío: 04/04/2019 14:42:09.512

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:42:03

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36984**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non incluír un espazo destinado ao Rexistro Civil na Cidade da Xustiza de Vigo”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Cidade da Xustiza de Vigo, que sumará un investimento total de máis de 40 millóns tras a última modificación, albergará 35 unidades xudiciais, con amplo espazo para futuras necesidades. A actuación da Xunta de Galicia nesta infraestrutura sempre estivo presidida pola axilidade e redución de prazos. Así, decidiuse dividir o proxecto en dúas fases (unha fase de demolición e unha fase de obra), para adiantar o máximo posible os prazos. Pero tamén resulta evidente que se trata dunha obra de gran complexidade, tanto polo propio inmovible como pola súa localización no centro de Vigo.

Do mesmo xeito, estase a estudar cal será a ubicación exacta da oficina do Rexistro Civil, á vista da desxudicialización deste servizo pola Lei 20/2011 cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata o 30 xuño de 2020. Na nova configuración legal, o Rexistro Civil atópase á marxe da actuación xurisdiccional, deixando os xuíces e xuízas de ser os encargados.

En calquera caso, cómpre recordar que a postura do Goberno da Xunta de Galicia é sempre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade do dito servizo público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48722
Data envío: 04/04/2019 14:41:39.964

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:41:36

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38707**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as razóns da redución que presenta a nova industria láctea anunciada polo Goberno galego en setembro de 2016 no concello de Curtis, a data prevista para a súa entrada en funcionamento e o investimento real desa industria nese concello, así como os prazos estimados para as súas futuras ampliacións”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7^a celebrada o 14 de marzo de 2019, mediante resposta oral á pregunta nº. 44721, do director xeral de Gandarías, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias.

Tal e como respondeu o director xeral, a información coa que conta a consellería relativa ao referido proxecto, procede do expediente de axuda tramitado pola empresa na convocatoria do ano 2018, das axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.

A este respecto, e segundo a información aportada, a entrada en produción dunha nova industria de gran capacidade na localidade coruñesa de Curtis será previsiblemente no 2021. Esta ten previsto procesar uns 70 millóns de litros de leite ao ano nunha primeira fase inicial, sendo o seu obxectivo moito máis ambicioso unha vez que acade a súa produción total“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48941
Data envío: 09/04/2019 19:30:53.446

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2019 19:30:50

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39439**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia da situación de saturación na que se atopan os Xulgados do Social en Lugo, a súa opinión referida á necesidade de implantar un cuarto xulgado e a realización dalgunha demanda para ese fin, así como se é o caso as razóns da demora da súa creación e as actuación previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A competencia para a creación de novas unidades xudiciais, modificando o número de órganos xudiciais establecidos na Lei de demarcación e planta xudicial, correspondelle ao Goberno estatal.

En función do número de unidades xudiciais contempladas nos orzamentos do Estado, desde o Ministerio de Xustiza se lle comunica á Xunta de Galicia as unidades que é posible constituír nun determinado exercicio orzamentario. Con base na dita asignación, a Comisión Mixta -formada pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia- fai una proposta de creación, ponderando ese número de creacións e as necesidades obxectivamente mais urxentes. En todas as programacións, a Xunta de Galicia ten manifestado a súa disposición a acoller todas as unidades que lle resultaran asignadas.

Precisamente, a Comisión Mixta acordou o pasado mes de decembro solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación dun novo xulgado do Social en Lugo, xunto con outras peticións de creación de órganos xudiciais consideradas prioritarias.



Malia isto, o Ministerio de Xustiza comunicou á Xunta de Galicia no mes de febreiro que o consignado para Galicia era un maxistrado na Audiencia Provincial da Coruña, un xulgado de Primeira Instancia na Coruña e un xulgado do Social en Vigo.

Por primeira vez o Ministerio obvia a proposta formulada de consenso pola Comisión Mixta, que incluía a creación dun novo xulgado do Social en Lugo.

O Goberno galego advertiu ao Ministerio desta desviación e volveuse a convocar de xeito urxente a Comisión Mixta, que se reuniu o luns 25 de febreiro. Tras analizar de novo as cargas de traballo, a Comisión ratificouse na petición realizada.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma adiantoulle ao Ministerio que, entendendo tamén necesarias as creacións propostas polo Ministerio, a Xunta as informaba favorablemente, sempre e cando o fosen a maiores das propostas pola Comisión Mixta entre o TSXG e a Xunta de Galicia, cuxa posta en funcionamento é urxente e prioritaria.

A Xunta de Galicia agarda que o Ministerio atenda á proposta formulada pola Comisión Mixta á maior brevidade“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48873
Data envío: 08/04/2019 14:28:20.944

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:28:06

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 40632** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da esixencia do cumprimento das condicións e requisitos establecidos na Orde do 18 de abril de 1996, no que atinxe á dotación de persoal que debe ter o centro de día para persoas con Alzheimer da residencia de persoas maiores de Monforte de Lemos, así como a súa opinión en relación coa suficiencia do número de prazas dese tipo que hai na comarca”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Orde do 18 de abril de 1996 fai referencia á rateo de persoal de atención directa que deberán ter os centros residenciais de atención a persoas maiores. A dita Orde non indica que a residencia, por ter centro de día de Alzheimer, deba ter un servizo de atención psicolóxica.

O centro residencial de atención a persoas maiores é o centro de día de Alzheimer de Monforte, e a pesar de que estean no mesmo local e de que poidan compartir algún persoal e algunhas dependencias comúns, son independentes. Cada un conta co seu propio permiso de inicio de actividades, e réxense por normativas diferentes.

O centro de día de Alzheimer, e no que se refire ao persoal, réxese pola súa propia normativa: Decreto 19/2008, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para Persoas con Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas.

Os pregos de cláusulas administrativas que rexen o obxecto do contrato do centro de día de Alzheimer de Monforte inclúen un apartado relativo a melloras que pode ofertar a entidade licitadora. Concretamente os pregos indican:



'Á marxe do servizo de atención diúrna, e con base no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, a entidade adxudicataria poderá prestar ás persoas con alzhéimer, ou en situación de dependencia, ou que non estando en situación de dependencia, se atopan en situación ou risco de padecela, algún dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, que oferten como mellora, e que aparecen relacionados na descrición do criterio de valoración correspondente que figura mais adiante.

Por unha parte, estes servizos complementarían de modo importante as necesidades específicas que poden ter algunhas persoas usuarias do centro de día. Por outra banda, darían resposta ás necesidades, atendendo á diagnose que está detrás da prevención da situación de dependencia e da promoción da autonomía persoal, de persoas que non sendo usuarias do centro de día, precisan dun servizo concreto da carteira de servizos no ámbito da promoción da autonomía persoal ou a prevención da dependencia, como pode ser a fisioterapia, a logopedia... ou outros servizos que se indican no citado criterio. Todo isto co fin de acadar unha atención máis centrada nas necesidades da persoa, ao tempo que tamén se pretende a optimización do persoal co que conta o centro de día de alzhéimer.

O desenvolvemento destes servizos non suporá custo algún para a Administración, non obstante a persoa usuaria participará no custo dos mesmos segundo a táboa de participación recollida para estes servizos no Decreto 149/2013, do 5 de setembro. A intensidade do servizo respectivo responderá ao número de horas expresadas no Plan Individual de atención (PIA).

A prestación dos ditos servizos, poderá levarse a cabo nas mesmas instalacións do centro, se tivesen capacidade suficiente, ou ben noutras instalacións distintas, habilitadas para tal fin e situadas na mesma localidade na que se atopa o centro de día. A dita habilitación deberá terse con carácter previo á adxudicación do contrato.

En todo caso, estes servizos levaranse a cabo sen que se produza interferencia nin menoscabo na prestación do servizo de atención diúrna, que ten por obxecto este contrato.'

En relación ao anterior, os servizos que se podían ofertar como mellora eran os seguintes: Fisioterapia, Logopedia, Terapia ocupacional, Estimulación cognitiva e Atención psicolóxica dirixida tanto ás persoas usuarias como a familiares cuidadores.





A entidade adxudicataria ofertou, como mellora, 240 horas anuais de atención psicolóxica á persoas usuarias e familiares cuidadores. Loxicamente para realizar este servizo ten que ser demandado polas persoas usuarias e as súas familias.

En canto ás preguntas formuladas indicar que a Xunta de Galicia controla e esixe o cumprimento da normativa vixente e que o número de prazas de centro de día, a día de hoxe, coincide coa demanda existente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:45:54
Nº Rexistro: 48829
Data envío: 05/04/2019 13:45:54.684

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:45:50

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48719
Data envío: 04/04/2019 14:41:00.226
Data 04/04/2019 14:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41265**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización no ano 2019 do debate correspondente ao II Pacto Local galego”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un firme compromiso coas administracións locais, colaborando cos medios materiais e financeiros necesarios dos que dispón, para avanzar nunha Galicia que preste servizos de calidade. Mantén un diálogo fluído coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), enmarcado na máxima vontade de colaboración e coordinación para impulsar asuntos de interese para as entidades locais galegas.

O Pacto Local supuxo un pulo importante para a autonomía local das corporacións locais de Galicia e, coa modificación do Fondo de Cooperación Local do ano 2010, os concellos teñen garantida unha participación mínima nos orzamentos autonómicos. De feito, nos anos de crise económica os concellos mantiveron sen menoscabos os recursos proporcionados por este fondo de financiamento.

Ademais, nestes últimos anos a Xunta reactivou o traballo da Comisión Galega de Cooperación Local, cuxa prioridade é velar pola coordinación entre a Administración autonómica e local para unha prestación eficaz de servizos públicos en Galicia. No marco dos acordos acadados no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, a Xunta de



Galicia ten adoptado medidas encamiñadas a buscar a optimización dos servizos prestados polas entidades locais.

Na Comisión Galega de Cooperación Local tamén se acordou abrir no seo da subcomisión permanente de réxime económico e financeiro un proceso de debate e diálogo para deseñar o futuro das relacións financeiras entre a Xunta as corporacións locais, condicionado, en todo caso, á reforma do sistema de financiamento local e autonómico, pendente a nivel estatal. Abriuse o diálogo para tratar as diferentes reivindicacións. A subcomisión permanente de réxime económico e financeiro estase reunindo todos os anos e está realizando propostas aos orzamentos autonómicos que se fan realidade, como a ampliación do fondo adicional e dos seus conceptos.

En definitiva, a Xunta de Galicia está cumprindo cos compromisos adquiridos no seo da Comisión Galega de Cooperación Local encamiñados a adoptar medidas que benefician a distintos ámbitos da administración local galega. O Goberno galego segue a velar polos concellos, polo cumprimento do Pacto Local e en definitiva pola colaboración permanente cos concellos galegos para optimizar as prestacións e servizos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48719
Data envío: 04/04/2019 14:41:00.226

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:40:56

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48716

Data envío: 04/04/2019 14:40:15.126

Data 04/04/2019 14:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41586**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á presentación dun proxecto de lei que regule a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, así como as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia defende a autonomía local e a suficiencia das facendas municipais. A Administración autonómica e a FEGAMP están a colaborar de modo permanente na defensa dos intereses municipais, as relacións institucionais son boas e, en materia de financiamento local, o diálogo entre ambas institucións ten lugar no seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro.

Neste momento, o avance nos traballos da devandita Subcomisión está pendente da definición por parte do Goberno do Estado dos sistemas de financiamento autonómico e local e de que exista certeza dos recursos cos que poderá contar cada administración para desenvolver as súas competencias.

Cómpre lembrar que o ordenamento xurídico establece un sistema de financiamento mixto, integrado por medios propios e alleos, que son os que garanten a suficiencia financeira da entidades locais. A autonomía financeira leva aparellada a corresponsabilidade fiscal: os municipios teñen capacidade de axustar os seus ingresos e gastos en función ás súas necesidades.



Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira en fixar un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos, cunha garantía de mínimos, unha verdadeira participación en ingresos (xa que está vinculado á recadación tributaria da facenda autonómica), obxectivo e incondicionado na súa aplicación, facendo por tanto unha firme defensa da suficiencia financeira das entidades locais que consagra a Constitución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48716
Data envío: 04/04/2019 14:40:15.126

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:40:11

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **34119**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posición do Goberno galego en relación á anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados durante os anos da Guerra Civil”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas resposta ás iniciativas con número de rexistro 12985, 12986 e 12987 presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, cómpre recordar que a Xunta de Galicia subscribe o seu pleno compromiso coa defensa dos dereitos fundamentais, os principios do Estado de Dereito e a convivencia democrática. Por outra banda, o artigo 9.1. da Constitución Española dispón que a cidadanía e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, polo que, como non podería sen doutra maneira, a Xunta de Galicia acata e actúa consonte a legalidade vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48729
Data envío: 04/04/2019 14:43:17.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:43:14

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **34123**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda polo Goberno galego ao Goberno do Estado dos cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Na Administración de xustiza está recoñecida, xunto á do castelán, a oficialidade das linguas autonómicas.

A materización legislativa desta competencia estatal atópase no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que recoñece o dereito ao uso das linguas oficiais ante a Administración de xustiza no marco da cooficialidade, segundo o que en todas as actuacións xudiciais os xuíces e xuízas, maxistrados/as, fiscais, letrados/as da Administración de xustiza, e demais persoal funcionario dos xulgados e tribunais ‘usarán o castelán, lingua oficial do Estado. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón alegando descoñecemento dela que puidera producir indefensión.’



En paralelo, tamén está amparado e garantido (art. 231.3 LOPX) o dereito da cidadanía a utilizar a lingua oficial da súa elección, tanto nas súas manifestacións orais como escritas, e sendo que a Xunta de Galicia garante a cooficialidade lingüística na Administración da xustiza en Galicia no actual escenario normativo.

Desde a Administración Autonómica, que xestiona as competencias transferidas en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, se seguirá a traballar para prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia, e o ritmo da necesaria adaptación ás esixencias do réxime de cooficialidade e a normalización progresiva do uso do galego na Administración de xustiza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49054
Data envío: 11/04/2019 14:39:40.054

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:39:36

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **34125**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión do Goberno galego en relación a entrada en funcionamento o novo edificio xudicial de A Parda”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra comezaron a finais do verán de 2016, logo da adxudicación. No momento de iniciar a cimentación atopouse unha problemática polas dificultades coa estabilidade do terreo, o que resultou en que a solución técnica para parte da cimentación e estrutura que se contemplaba no proxecto non fose viable debido ás características do solar.

As características do terreo, o nivel freático e a aparición de bolos de granito como recheo feito polo home, fixeron inviable a cimentación proxectada, polo que obrigaron a estudar e ensaiar diversos sistemas de cimentación e o cambio na execución do muro de contención contra a rúa Hortas. Todo isto levou a un recálculo da estrutura, incluída a estrutura da pasarela de conexión co edificio actual dos xulgados, coa conseguinte demora na execución da obra.

A día de hoxe, os traballos están en plena execución co obxectivo de que o edificio estea rematado este mesmo ano.



No que atinxe ao compromiso de execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, no mes de xuño de 2016 a Vicepresidencia remitiu ao Concello de Pontevedra o compromiso de executalas, axustadas ás ordenanzas de aplicación.

A tales efectos, nesta remisión xuntouse o correspondente informe técnico acreditativo de todos estes extremos, que xa se atopaban previstos no proxecto de execución para o novo edificio xudicial, informado favorablemente polo Concello de Pontevedra o 1 de xuño de 2016.

Neste sentido, a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49052
Data envío: 11/04/2019 14:39:24.500

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:39:18

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34129**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda polo Goberno galego ao Goberno do Estado da comarcalización dos servizos do Imelga, as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego manifestou en reiteradas ocasións o seu respecto ás manifestacións que tiveron lugar o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, tanto no 2018 como no 2019.

Froito do seu compromiso coa igualdade plena entre homes e mulleres, nos últimos anos a Xunta ten posto en marcha un abano de iniciativas pioneiras en materia de igualdade, e o seu próximo obxectivo é seguir reforzando e ampliando esa liña de actuación.

No que se refire de xeito exclusivo aos recursos da Administración de Xustiza en materia de violencia de xénero, cómpre recordar que ademais dos xulgados de Vigo e A Coruña -que coñecen exclusivamente casos de violencia machista-, existe un xulgado por cada partido xudicial que, xunto con outros, tamén atende estes asuntos.

Cómpre lembrar que a creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao



Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia. En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

En canto á organización territorial do Imelga, esta estrutúrase nun total de 7 subdireccións territoriais: a da Coruña (cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión); Ferrol (que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira); Santiago de Compostela (para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela); Lugo (con ámbito de actuación en toda a provincia); Ourense (tamén con ámbito provincial); Pontevedra (cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa); e Vigo (que comprende os partidos xudiciais de Ponteareas, Redondela, O Porriño e Tui).

Pola súa banda, as Oficinas de asistencia ás vítimas, radicadas nas 7 grandes cidades galegas, prestan a asistencia integral e coordinada ás vítimas que acudan ás ditas oficinas nos termos recollidos na Lei 4/2015, independentemente do lugar de comisión do delito, incluída a atención psicolóxica desde 2017. Isto sen prexuízo dos demais recursos e servizos que existen para a atención ás vítimas de violencia de xénero. En concreto, recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día ou o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

A todas estas medidas hai que engadir as novidades enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Entre estas actuacións, cómpre destacar a posta en marcha dunha quenda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero; a aprobación do Plan Estratéxico de Atención Integral aos menores orfos por causa da violencia de xénero; e un Plan de acompañamento e asesoramento da Vítima, que contará coa colaboración dos colexios de Avogados, Procuradores e Psicoloxía de Galicia co obxectivo principal de evitar a vitimización secundaria da muller.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48866
Data envío: 08/04/2019 14:02:52.151

Ademais, tamén se elaborará un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego co obxectivo de incrementar o coñecemento sobre a incidencia e as características da violencia de xénero no ámbito rural. Nesta mesma liña de traballo, este ano tamén se asinou un convenio de colaboración coas Federacións de Mulleres Rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

página 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48866
Data envío: 08/04/2019 14:02:52.151

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:02:46

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34613** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do Informe sobre o gasto público autonómico en residencias para persoas maiores e persoas con discapacidade realizado polo Consello de Contas, e sobre os prazos concretos que vai establecer para cumprir o compromiso de construción de residencias públicas nas sete cidades máis importantes de Galicia para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na Casa’ ten previsto dotar con recursos residenciais ás sete cidades con maior poboación. Deste xeito, en Vigo e a Coruña crearanse residenciais de 150 prazas, en tanto que en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo serán de 120 prazas cada unha.

Sumarán así un total de 900 prazas.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as residencias do modelo de atención integral centrada na persoa, nos avances arquitectónicas e tecnolóxicos, dando prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas que teñan nestes centros o seu fogar.

A tal fin convocouse un concurso de ideas arquitectónicas finalizando o prazo de presentación



de propostas o día 28 de febreiro de 2019 e atopándose na actualidade en estudio e análise as propostas presentadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:05:54
Nº Rexistro: 48817
Data envío: 05/04/2019 13:05:54.260

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:05:50

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34649**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que ten previsto levar a cabo o Goberno galego para mellorar a integración da perspectiva de xénero e dos dereitos humanos no ámbito xudicial”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego mantén un pleno compromiso na loita contra a violencia de xénero a través de todos os seus departamentos, en tanto é un camiño que require do esforzo conxunto de todas as institucións, administracións e da sociedade en xeral.

Neste marco, en referencia exclusiva á Administración de Xustiza, cómpre destacar que o Goberno galego está a traballar arreo para acadar unha maior formación, coordinación e dotación de recursos no ámbito xudicial dentro das súas competencias.

Así, a través da Escola Galega de Administración Pública estanse a impartir cursos de formación en materia de xénero ao persoal dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais -malia que a formación dirixida a xuíces, fiscais e letrados da Administración de xustiza depende do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado e do Ministerio de Xustiza- a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial co gallo de favorecer a formación continua dos xuíces destinados en Galicia. Ao abeiro deste acordo, no ano 2018 contemplouse expresamente a oferta de prazas para actividade sobre violencia de xénero, e mesmo neste 2019 está prevista a actividade relativa ás mulleres e menores como vítimas directas ou secundarias.

Fóra da formación propiamente dita, a Xunta ten posto en marcha outras actuacións para mellorar a atención xudicial ás vítimas da violencia de xénero como: o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia; a habilitación de espazos axeitados nos xulgados; a dotación de medios



técnicos que permitan gravar as declaracións das mulleres para que non teñan que repetilas, suprimindo as asistencias prescindibles aos xuízos; a atención de forma prioritaria das necesidades materiais e de persoal competencia da Comunidade Autónoma dos xulgados exclusivos de violencia sobre a muller (sitos na Coruña e Vigo), así como doutros xulgados especializados en materia de violencia de xénero; ou o impulso das Oficinas de Atención ás Víctimas coa dotación de psicólogos nos xulgados das 7 cidades galegas.

Ademais, e no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta porá en marcha novas medidas como unha quenda de garda psicolóxica e especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores; ou un Plan de acompañamento e asesoramento á vítima, que contará coa colaboración dos colexios de avogacía, procuradores e psicoloxía para implantar un protocolo único de cooperación co obxectivo principal de evitar a vitimización secundaria da muller.

Ao abeiro do Pacto de Estado tamén se porán en marcha outras medidas novidasas como o Plan estratéxico de atención integral aos menores orfos/as por causa de violencia de xénero; a ampliación da Rede galega de acollemento; ou a mellora do acceso á vivenda, xunto con incentivos a empresas para a contratación de mulleres vítimas desta lacra.

Ademais, a Xunta mantén o compromiso de seguir reclamando melloras onde non pode actuar directamente por falta de competencias co obxectivo de prover da mellor asistencia xudicial ás mulleres que sofren a violencia de xénero.

Por último, en todo caso, cómpre lembrar que o Goberno galego respecta as sentenzas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:04:35
Nº Rexistro: 48813
Data envío: 05/04/2019 13:04:35.221

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:04:29

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36247** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en funcionamento das novas residencias públicas para persoas maiores anunciadas nas sete principais cidades de Galicia**”, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na Casa’ ten previsto dotar con recursos residenciais ás sete cidades con maior poboación. Deste xeito, en Vigo e a Coruña crearanse residenciais de 150 prazas, en tanto que en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo serán de 120 prazas cada unha. Sumarán así un total de 900 prazas.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as residencias do modelo de atención integral centrada na persoa, nos avances arquitectónicas e tecnolóxicos, dando prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas que teñan nestes centros o seu fogar.

A tal fin convocouse un concurso de ideas arquitectónicas finalizando o prazo de presentación de propostas o día 28 de febreiro de 2019 e atopándose na actualidade en estudo e análise as propostas presentadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:03:43
Nº Rexistro: 48810
Data envío: 05/04/2019 13:03:43.371

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:03:39

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36250**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa o cumprimento polo Goberno galego do establecido no Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e a ratio ideal por fiscalía”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A última memoria da Fiscalía Superior de Galicia presentada no Parlamento de Galicia, correspondente ao ano 2017, recolle que a Comunidade Autónoma de Galicia ‘ten unha ratio de fiscais superior á ratio do conxunto de España’.

Con relación ao nomeado ‘persoal colaborador (oficina fiscal)’, o incremento de prazas para adecuar a ratio de persoal funcionario das oficinas fiscais a 1 fiscal-1 tramitador/a tense tratado polos representantes da Fiscalía e a Xunta de Galicia, abordándose con medidas de reforzo as necesidades que a Fiscalía trasladaba en tanto se producía o efectivo incremento do cadro de persoal.

Finalmente, cómpre recordar tamén que a medida de dotación de persoal funcionario nas oficinas fiscais recolleuse no acordo asinado coas organizacións sindicais para poñer fin á folga da Administración da Xustiza do pasado ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48726
Data envío: 04/04/2019 14:42:38.665

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:42:35

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36982**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non incluír un espazo destinado ao Rexistro Civil na Cidade da Xustiza de Vigo”**, (publicada no BOPG número 362 do 26 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Cidade da Xustiza de Vigo, que sumará un investimento total de máis de 40 millóns tras a última modificación, albergará 35 unidades xudiciais, con amplo espazo para futuras necesidades. A actuación da Xunta de Galicia nesta infraestrutura sempre estivo presidida pola axilidade e redución de prazos. Así, decidiuse dividir o proxecto en dúas fases (unha fase de demolición e unha fase de obra), para adiantar o máximo posible os prazos. Pero tamén resulta evidente que se trata dunha obra de gran complexidade, tanto polo propio inmovible como pola súa localización no centro de Vigo.

Do mesmo xeito, estase a estudar cal será a ubicación exacta da oficina do Rexistro Civil, á vista da desxudicialización deste servizo pola Lei 20/2011 cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata o 30 xuño de 2020. Na nova configuración legal, o Rexistro Civil atópase á marxe da actuación xurisdiccional, deixando os xuíces e xuízas de ser os encargados.

En calquera caso, cómpre recordar que a postura do Goberno da Xunta de Galicia é sempre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade do dito servizo público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:03:29
Nº Rexistro: 48809
Data envío: 05/04/2019 13:03:29.738

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:03:25

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38339**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begaña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai o Goberno galego respecto dos acordos adoptados na xuntanza levada a cabo pola Comisión Galega de Cooperación Local o día 20 de abril de 2017”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Comisión Galega de Cooperación Local reactivou os seus traballos en abril de 2017 e reuniuse por última vez en maio de 2018.

Todos os compromisos ratificados no seo desta Comisión teñen como obxectivo colaborar cos concellos na prestación de servizos públicos de calidade a toda a cidadanía.

Entre outros acordos destaca a aposta pola regulación dun sistema de selección de interinos por listas que permitise aos concellos cubrir as vacantes de habilitados nacionais cunha certa axilidade, en tanto a cobertura rápida deste tipo de postos é moi importante para asegurar o adecuado funcionamento dos concellos. A iniciativa, que xa estivo en marcha o pasado ano, foi todo un éxito.

Nesta reunión tamén xurdiu o compromiso de homoxeneizar os procesos de selección dos Policías Locais na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Xa hai 67 concellos adheridos a esta fórmula e xa se celebraron con éxito as probas unitarias para acceder aos postos de auxiliares de policía e de policías.

Igualmente seguiuse avanzando na coordinación das emerxencias e creouse un Grupo de Traballo dependente da Comisión Galega de Protección Civil, no que interveñen representantes da Xunta de Galicia, das Deputacións Provinciais e da propia FEGAMP. No seo deste grupo de traballo acadáronse acordos para avanzar nos procesos de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades.



Na Comisión Galega de Cooperación Local tamén se acordou abrir, no seo da Subcomisión permanente de réxime económico e financeiro, un proceso de debate e diálogo para deseñar o futuro das relacións financeiras entre a Xunta as corporacións locais. Abriuse o diálogo para tratar estas reivindicacións. A Subcomisión permanente de réxime económico e financeiro estase reunindo e está realizando propostas aos orzamentos autonómicos que se fan realidade, como a ampliación do fondo adicional e dos seus conceptos.

No seo da Comisión, a Xunta de Galicia presentou ademais unha proposta para a implantación e fixación de empresas en Galicia. Unha parte importante de concellos pequenos e medianos adheríronse finalmente a este proxecto, polo que se conseguiu a adopción de medidas que atraen o desenvolvemento de actividades e investimentos.

Así mesmo, adoptáronse medidas en materia de Patrimonio cultural de Galicia, e, coa aprobación e publicación da 'Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento', acadouse unha maior implicación e colaboración das entidades locais coa protección e salvagarda do patrimonio cultural propio así como a axilización na tramitación das autorizacións

A Xunta de Galicia segue tamén colaborando e avanzando noutros compromisos adquiridos e tratados na Comisión Galega de Cooperación Local, como son a tramitación de expedientes para a asunción dos centros de saúde e os avances na Axenda Social única de Galicia.

En definitiva, a Xunta cumpre cos compromisos adquiridos no seo da Comisión. Con estas actuacións, a Administración autonómica tende a man ás administracións locais para avanzar nunha Galicia que presta servizos de calidade, colaborando cos medios materiais e financeiros necesarios de que dispón, en resposta ás demandas e intereses da cidadanía”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49050
Data envío: 11/04/2019 14:38:47.554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:38:30

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38705** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as razóns da redución que presenta a nova industria láctea anunciada polo Goberno galego en setembro de 2016 no concello de Curtis”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 14 de marzo de 2019, mediante resposta oral á pregunta número 44721, polo director xeral de Gandarías, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias.

Tal e como respondeu o director xeral, a información coa que conta a consellería relativa ao referido proxecto procede do expediente de axuda tramitado pola empresa na convocatoria do ano 2018, das axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.

A este respecto, e segundo a información aportada, a entrada en produción dunha nova industria de gran capacidade na localidade coruñesa de Curtis será previsiblemente no 2021. Esta ten previsto procesar uns 70 millóns de litros de leite ao ano nunha primeira fase inicial, sendo o seu obxectivo moito máis ambicioso unha vez que acade a súa produción total”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48942
Data envío: 09/04/2019 19:31:06.207

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2019 19:31:02

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 17:27:12
Nº Rexistro: 49015

Data envío: 10/04/2019 17:27:12.978

Data 10/04/2019 17:26

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 38762**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da dispoñibilidade polo consumidores da información axeitada para elixir o contrato e tarifa de enerxía eléctrica mellor”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 38761 que tivo lugar na sesión do 12 de decembro de 2018 da Comisión 6º, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-12-12?part=7ba5aed4-5a87-4830-9fe4-31c68a636cc8&start=1365>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

página 1 de 1

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 17:27:12
Nº Rexistro: 49015
Data envío: 10/04/2019 17:27:12.978

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/04/2019 17:26:50

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48863

Data envío: 08/04/2019 14:01:54.421

Data 08/04/2019 14:01

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **39441**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para a creación dun cuarto Xulgado do Social en Lugo”**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A competencia para a creación de novas unidades xudiciais, modificando o número de órganos xudiciais establecidos na Lei de demarcación e planta xudicial, correspondelle ao Goberno estatal.

En función do número de unidades xudiciais contempladas nos orzamentos do Estado, desde o Ministerio de Xustiza se lle comunica á Xunta de Galicia as unidades que é posible constituír nun determinado exercicio orzamentario. Con base na dita asignación, a Comisión Mixta -formada pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia- fai una proposta de creación, ponderando ese número de creacións e as necesidades obxectivamente mais urxentes. En todas as programacións, a Xunta de Galicia ten manifestado a súa disposición a acoller todas as unidades que lle resultaran asignadas.

Precisamente, a Comisión Mixta acordou o pasado mes de decembro solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación dun novo xulgado do Social en Lugo, xunto con outras peticións de creación de órganos xudiciais consideradas prioritarias.



Malia isto, o Ministerio de Xustiza comunicou á Xunta de Galicia no mes de febreiro que o consignado para Galicia era un maxistrado na Audiencia Provincial da Coruña, un xulgado de Primeira Instancia na Coruña e un xulgado do Social en Vigo.

Por primeira vez o Ministerio obvia a proposta formulada de consenso pola Comisión Mixta, que incluía a creación dun novo xulgado do Social en Lugo.

O Goberno galego advertiu ao Ministerio desta desviación e volveuse a convocar de xeito urxente a Comisión Mixta, que se reuniu o luns 25 de febreiro. Tras analizar de novo as cargas de traballo, a Comisión ratificouse na petición realizada.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma adiantoulle ao Ministerio que, entendendo tamén necesarias as creacións propostas polo Ministerio, a Xunta as informaba favorablemente, sempre e cando o fosen a maiores das propostas pola Comisión Mixta entre o TSXG e a Xunta de Galicia, cuxa posta en funcionamento é urxente e prioritaria.

A Xunta de Galicia agarda que o Ministerio atenda á proposta formulada pola Comisión Mixta á maior brevidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48863
Data envío: 08/04/2019 14:01:54.421

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:01:50

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:03:15
Nº Rexistro: 48808

Data envío: 05/04/2019 13:03:15.366

Data 05/04/2019 13:03

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 40123**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre “**a opinión do Goberno galego respecto dos procesos de inmatriculación desenvolvidos pola Igrexa católica**”, (publicada no BOPG número 386 do 21 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos Rexistros é competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1-8º da Constitución Española), polo que a regulación dos medios de acceso dos bens inmobles aos libros do Rexistro da Propiedade non corresponde ás comunidades autónomas.

Os templos destinados ao culto católico, como calquera outros bens de calquera titular (a Igrexa católica goza de personalidade xurídica e pode adquirir bens e dereitos), poden ser obxecto de inscrición nos libros do Rexistro da Propiedade, polos medios establecidos na lexislación hipotecaria (artigo 206 da Lei hipotecaria, en relación co artigo 4 do Regulamento hipotecario), cuxa regulación, como xa se indicou, corresponde en exclusiva ao Estado.

Do mesmo modo, as titularidades da Igrexa católica, como calquera outra que publique o Rexistro, non son inatacables, correspondendo aos xuíces e tribunais no seu caso decidir sobre a propiedade de calquera ben.



En canto ao coñecemento da Xunta das inmatriculacións da Igrexa, corresponde aos distintos Rexistros da Propiedade (cuxa competencia non lle corresponde ás Comunidades Autónomas) dar publicidade das devanditas adquisicións polos medios legalmente previstos.

En definitiva, será a lexislación aplicable nesta materia, aprobada polas Cortes Xerais, a que determine o marco e contido das súas previsións. A postura do Goberno de Galicia é de respecto ao ordenamento xurídico vixente, como non podería ser doutro xeito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:03:15
Nº Rexistro: 48808
Data envío: 05/04/2019 13:03:15.366

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:03:11

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48720
Data envío: 04/04/2019 14:41:13.667
Data 04/04/2019 14:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41264**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización no ano 2019 do debate correspondente ao II Pacto Local galego”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un firme compromiso coas administracións locais, colaborando cos medios materiais e financeiros necesarios dos que dispón, para avanzar nunha Galicia que preste servizos de calidade. Mantén un diálogo fluído coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), enmarcado na máxima vontade de colaboración e coordinación para impulsar asuntos de interese para as entidades locais galegas.

O Pacto Local supuxo un pulo importante para a autonomía local das corporacións locais de Galicia e, coa modificación do Fondo de Cooperación Local do ano 2010, os concellos teñen garantida unha participación mínima nos orzamentos autonómicos. De feito, nos anos de crise económica os concellos mantiveron sen menoscabos os recursos proporcionados por este fondo de financiamento.

Ademais, nestes últimos anos a Xunta reactivou o traballo da Comisión Galega de Cooperación Local, cuxa prioridade é velar pola coordinación entre a Administración autonómica e local para unha prestación eficaz de servizos públicos en Galicia. No marco dos acordos acadados no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, a Xunta de



Xacobeo 2021

página 1 de 2

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Galicia ten adoptado medidas encamiñadas a buscar a optimización dos servizos prestados polas entidades locais.

Na Comisión Galega de Cooperación Local tamén se acordou abrir no seo da subcomisión permanente de réxime económico e financeiro un proceso de debate e diálogo para deseñar o futuro das relacións financeiras entre a Xunta as corporacións locais, condicionado, en todo caso, á reforma do sistema de financiamento local e autonómico, pendente a nivel estatal. Abriuse o diálogo para tratar as diferentes reivindicacións. A subcomisión permanente de réxime económico e financeiro estase reunindo todos os anos e está realizando propostas aos orzamentos autonómicos que se fan realidade, como a ampliación do fondo adicional e dos seus conceptos.

En definitiva, a Xunta de Galicia está cumprindo cos compromisos adquiridos no seo da Comisión Galega de Cooperación Local encamiñados a adoptar medidas que benefician a distintos ámbitos da administración local galega. O Goberno galego segue a velar polos concellos, polo cumprimento do Pacto Local e en definitiva pola colaboración permanente cos concellos galegos para optimizar as prestacións e servizos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48720
Data envío: 04/04/2019 14:41:13.667

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:41:10

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48717
Data envío: 04/04/2019 14:40:31.430
Data 04/04/2019 14:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41585**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun proxecto de lei que regule a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia defende a autonomía local e a suficiencia das facendas municipais. A Administración autonómica e a FEGAMP están a colaborar de modo permanente na defensa dos intereses municipais, as relacións institucionais son boas e, en materia de financiamento local, o diálogo entre ambas institucións ten lugar no seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro.

Neste momento, o avance nos traballos da devandita Subcomisión está pendente da definición por parte do Goberno do Estado dos sistemas de financiamento autonómico e local e de que exista certeza dos recursos cos que poderá contar cada administración para desenvolver as súas competencias.

Cómpre lembrar que o ordenamento xurídico establece un sistema de financiamento mixto, integrado por medios propios e alleos, que son os que garanten a suficiencia financeira da entidades locais. A autonomía financeira leva aparellada a corresponsabilidade fiscal: os municipios teñen capacidade de axustar os seus ingresos e gastos en función ás súas necesidades.



Xacobeo 2021

página 1 de 2

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira en fixar un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos, cunha garantía de mínimos, unha verdadeira participación en ingresos (xa que está vinculado á recadación tributaria da facenda autonómica), obxectivo e incondicionado na súa aplicación, facendo por tanto unha firme defensa da suficiencia financeira das entidades locais que consagra a Constitución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48717
Data envío: 04/04/2019 14:40:31.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:40:25

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:46:11
Nº Rexistro: 48830

Data envío: 05/04/2019 13:46:11.029

Data 05/04/2019 13:46

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40122**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre “**os bens inmatriculados pola Igrexa católica en Galicia**”, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos Rexistros é competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1-8º da Constitución Española), polo que a regulación dos medios de acceso dos bens inmobles aos libros do Rexistro da Propiedade non corresponde ás comunidades autónomas.

Os templos destinados ao culto católico, como calquera outros bens de calquera titular (a Igrexa católica goza de personalidade xurídica e pode adquirir bens e dereitos), poden ser obxecto de inscrición nos libros do Rexistro da Propiedade, polos medios establecidos na lexislación hipotecaria (artigo 206 da Lei hipotecaria, en relación co artigo 4 do Regulamento hipotecario), cuxa regulación, como xa se indicou, corresponde en exclusiva ao Estado.

Do mesmo modo, as titularidades da Igrexa católica, como calquera outra que publique o Rexistro, non son inatacables, correspondendo aos xuíces e tribunais no seu caso decidir sobre a propiedade de calquera ben.



En canto ao coñecemento da Xunta das inmatriculacións da Igrexa, corresponde aos distintos Rexistros da Propiedade (cuxa competencia non lle corresponde ás Comunidades Autónomas) dar publicidade das devanditas adquisicións polos medios legalmente previstos.

En definitiva, será a lexislación aplicable nesta materia, aprobada polas Cortes Xerais, a que determine o marco e contido das súas previsións. A postura do Goberno de Galicia é de respecto ao ordenamento xurídico vixente, como non podería ser doutro xeito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:46:11
Nº Rexistro: 48830
Data envío: 05/04/2019 13:46:11.029

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:46:06

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **33383**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e a resposta dada polo Goberno galego ao escrito das traballadoras da empresa concesionaria do servizo de limpeza da Xunta de Galicia referido á discriminación laboral e salarial por razón de sexo que están a padecer, a súa opinión en relación coa garantía na actualidade dos dereitos reflectidos no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, en materia de igualdade, así como as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 338 do 19 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión celebrada o 24 de outubro de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 33384, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-10-24?
part=7e592a4f-c1ef-4bd1-b7b8-1491773f16ee&start=3191](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-10-24?part=7e592a4f-c1ef-4bd1-b7b8-1491773f16ee&start=3191)

En todo caso, reitérase que a Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades a protección dos dereitos dos traballadores das distintas empresas adxudicatarias dos contratos que licita. Boa proba son as cláusulas incluídas nos pregos que rexen as diferentes licitacións dos contratos da Xunta de Galicia.

No caso concreto ao que se fai referencia (contrato de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia), no prego que rexe a contratación inclúense, entre outras cláusulas, diferentes obrigas para o adxudicatario en relación aos dereitos dos traballadores e traballadoras, entre outras, as seguintes: ‘o adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo.’; ‘o adxudicatario queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa la’.



En consecuencia, o prego desta licitación artículase coma un mecanismo protector da persoa traballadora e garante da prestación do servizo, culminando estas medidas coa consideración de incumprimento grave, que xustificaría a resolución do contrato, 'a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores/as e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexa directamente ou ben mediante coaccións'.

Polo que se refire ao conflito en cuestión, xurdido en relación coa suba de categoría profesional de catro peóns limpadores á categoría de peón especialista, cómpre sinalar que a potestade de modificar as categorías profesionais do persoal adscrito ao contrato correspóndelle á empresa que a realiza atendendo ao disposto no convenio colectivo e á efectiva prestación das funcións que se realicen.

Non obstante, por parte da Xunta de Galicia, unha vez que se tivo coñecemento desta reclamación sindical, solicitóuselle información á empresa adxudicataria sobre os feitos denunciados.

Aínda que, segundo a información facilitada pola empresa contratista, as modificacións realizadas axustáranse ao establecido no Convenio Colectivo, de forma que quen realiza as funcións dunha categoría superior as perciba e quen teña un traballo no que se dan os requisitos de penosidade, perciba o correspondente complemento, a Xunta de Galicia instou a que se establecesen negociacións entre a empresa e o Comité de Empresa.

Trala negociación de achegamento de posturas entre a empresa e o Comité de Empresa, pechouse finalmente un acordo por unanimidade entre a parte social e a empresarial.

Este acordo respaldouse polas catro organizacións sindicais representadas no Comité (CIG, CCOO, UGT e CUT) e foi ratificado en asemblea de traballadores o pasado 18 de decembro por 65 votos a favor, 5 en contra e 10 abstencións.

O 5 de febreiro de 2019 asinouse o referido acordo por parte da empresa adxudicataria do servizo e por todos os sindicatos integrados no Comité de Empresa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48867
Data envío: 08/04/2019 14:03:20.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:03:14

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34615** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia do Informe sobre o gasto público autonómico en residencias para persoas maiores e persoas con discapacidade realizado polo Consello de Contas, e sobre as medidas que vai adoptar para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na casa’ ten previsto datar con recursos residenciais as sete cidades con maior poboación. Deste xeito, en Vigo e a Coruña crearanse residencias de 150 prazas, en tanto que en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo serán de 120 prazas cada unha.

Sumarán así un total de 900 prazas, que permitirán crear 500 novos empregos e suporán máis de 47 millóns de inversión.

Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as tendencias do modelo de atención integral centrada na persoa, nos avances arquitectónicos e tecnolóxicos, dando prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas maiores que teñan nestes centros o seu fogar.

A tal fin convocouse un concurso de ideas arquitectónicas, finalizando o prazo de presentación de propostas o pasado día 28 de febreiro de 2019 e atopándose na actualidade en estudio e análise as propostas presentadas.

O horizonte nos próximos anos prevese cheo de proxectos, cuxos cimentos xa están fortemente arraigados e centran o noso traballo diario.

Desde o ano 2009 incrementáronse 1224 prazas residenciais. E este ano está prevista a creación de novas prazas residenciais e en centros de día e unidades de estimulación terapéutica de Alzheimer.



Ademais as Casas do Maior permitirán a creación de ata 150 prazas novas en servizos de atención á dependencia. Existe o compromiso dunha nova orde de subvencións de continuidade así como a convocatoria para o ano 2020 que permita a apertura de alomenos outras 30 novas casas. Así mesmo, cómpre engadir que a alta demanda de solicitudes non permite que sexa posible dar resposta ás necesidades das persoas en situación de dependencia nos prazos regulados normativamente. Para solventar esta situación a Xunta de Galicia vai implementar diferentes medidas que permitan reducir os tempos de espera na valoración da dependencia e na asignación dun recurso a través do Sistema para a Promoción da Autonomía e Atención á Dependencia. Entre elas, destaca:

- Simplificación administrativa.
- Mellora da xestión e notificación das citas, optimización das rutas e implementación da confirmación a través de SMS.
- Potenciación da utilización da Historia Social Única.
- Establecemento de novos criterios de ordenación do Programa de Asignación de Recursos, priorizando aquelas persoas con maior grado de dependencia e con menor capacidade económica que se atopan nunha maior situación de vulnerabilidade.

Por último, indicar que a Xunta de Galicia continuará adicando todos os seus esforzos a mellorar o Sistema para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Nesta liña, promoverá con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o presente ano o incremento dun 10% na libranza de coidados no contorno familiar; o 15% a libranza de asistencial persoal e aumentará nun 20% para os graos I e III e nun 75% para o grado II, a libranza vinculada ao servizo de asistencia residencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:05:14
Nº Rexistro: 48815
Data envío: 05/04/2019 13:05:14.501

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:05:00

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36246** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en funcionamento das novas residencias públicas para persoas maiores anunciadas nas sete principais cidades de Galicia, o modelo de xestión que van ter e os proxectos iniciados no ano 2018 con cargos aos 700.000 euros do plan Como na casa”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mediante o Plan ‘Como na Casa’ ten previsto dotar con recursos residenciais ás sete cidades con maior poboación. Deste xeito, en Vigo e a Coruña crearanse residenciais de 150 prazas, en tanto que en Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Lugo serán de 120 prazas cada unha. Sumarán así un total de 900 prazas. Os referidos sete novos centros residenciais deberán partir dunha idea unitaria que permita, en cada emprazamento, definir un concepto moderno que teña en conta as residencias do modelo de atención integral centrada na persoa, nos avances arquitectónicas e tecnolóxicos, dando prioridade ao benestar e a calidade de vida das persoas que teñan nestes centros o seu fogar.

A tal fin convocouse un concurso de ideas arquitectónicas finalizando o prazo de presentación de propostas o día 28 de febreiro de 2019 e atopándose na actualidade en estudo e análise as propostas presentadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:04:01
Nº Rexistro: 48811
Data envío: 05/04/2019 13:04:01.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:03:53

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34120**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posición do Goberno galego en relación á anulación das sentenzas militares ditadas por tribunais creados durante os anos da Guerra Civil”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas resposta ás iniciativas con número de rexistro 12985, 12986 e 12987 presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, cómpre recordar que a Xunta de Galicia subscribe o seu pleno compromiso coa defensa dos dereitos fundamentais, os principios do Estado de Dereito e a convivencia democrática. Por outra banda, o artigo 9.1. da Constitución Española dispón que a cidadanía e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, polo que, como non podería sen doutra maneira, a Xunta de Galicia acata e actúa consonte a legalidade vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48728
Data envío: 04/04/2019 14:43:04.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:43:01

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **34124**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda polo Goberno galego ao Goberno do Estado dos cambios normativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Na Administración de xustiza está recoñecida, xunto á do castelán, a oficialidade das linguas autonómicas.

A materización legislativa desta competencia estatal atópase no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que recoñece o dereito ao uso das linguas oficiais ante a Administración de xustiza no marco da cooficialidade, segundo o que en todas as actuacións xudiciais os xuíces e xuízas, maxistrados/as, fiscais, letrados/as da Administración de xustiza, e demais persoal funcionario dos xulgados e tribunais ‘usarán o castelán, lingua oficial do Estado. Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón alegando descoñecemento dela que puidera producir indefensión.’



En paralelo, tamén está amparado e garantido (art. 231.3 LOPX) o dereito da cidadanía a utilizar a lingua oficial da súa elección, tanto nas súas manifestacións orais como escritas, e sendo que a Xunta de Galicia garante a cooficialidade lingüística na Administración da xustiza en Galicia no actual escenario normativo.

Desde a Administración Autonómica, que xestiona as competencias transferidas en materia de medios ao servizo da Administración de xustiza, se seguirá a traballar para prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia e eficacia, e o ritmo da necesaria adaptación ás esixencias do réxime de cooficialidade e a normalización progresiva do uso do galego na Administración de xustiza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49053
Data envío: 11/04/2019 14:39:32.784

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:39:28

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **34126**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión do Goberno galego en relación a entrada en funcionamento o novo edificio xudicial de A Parda”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra comezaron a finais do verán de 2016, logo da adxudicación. No momento de iniciar a cimentación atopouse unha problemática polas dificultades coa estabilidade do terreo, o que resultou en que a solución técnica para parte da cimentación e estrutura que se contemplaba no proxecto non fose viable debido ás características do solar.

As características do terreo, o nivel freático e a aparición de bolos de granito como recheo feito polo home, fixeron inviable a cimentación proxectada, polo que obrigaron a estudar e ensaiar diversos sistemas de cimentación e o cambio na execución do muro de contención contra a rúa Hortas. Todo isto levou a un recálculo da estrutura, incluída a estrutura da pasarela de conexión co edificio actual dos xulgados, coa conseguinte demora na execución da obra.

A día de hoxe, os traballos están en plena execución co obxectivo de que o edificio estea rematado este mesmo ano.



No que atinxe ao compromiso de execución das obras de urbanización e de conexión coas redes de servizos existentes, no mes de xuño de 2016 a Vicepresidencia remitiu ao Concello de Pontevedra o compromiso de executalas, axustadas ás ordenanzas de aplicación.

A tales efectos, nesta remisión xuntouse o correspondente informe técnico acreditativo de todos estes extremos, que xa se atopaban previstos no proxecto de execución para o novo edificio xudicial, informado favorablemente polo Concello de Pontevedra o 1 de xuño de 2016.

Neste sentido, a construción do novo edificio xudicial de Pontevedra foi obxecto de concesión de licenza urbanística de obra por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2016, téndose entregado, polo tanto, toda a documentación necesaria para o referido pronunciamento favorable do Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49051
Data envío: 11/04/2019 14:39:14.936

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/04/2019 14:38:51

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34130**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda polo Goberno galego ao Goberno do Estado da comarcalización dos servizos do Imelga, as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego manifestou en reiteradas ocasións o seu respecto ás manifestacións que tiveron lugar o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, tanto no 2018 como no 2019.

Froito do seu compromiso coa igualdade plena entre homes e mulleres, nos últimos anos a Xunta ten posto en marcha un abano de iniciativas pioneiras en materia de igualdade, e o seu próximo obxectivo é seguir reforzando e ampliando esa liña de actuación.

No que se refire de xeito exclusivo aos recursos da Administración de Xustiza en materia de violencia de xénero, cómpre recordar que ademais dos xulgados de Vigo e A Coruña -que coñecen exclusivamente casos de violencia machista-, existe un xulgado por cada partido xudicial que, xunto con outros, tamén atende estes asuntos.

Cómpre lembrar que a creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao



Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia. En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

En canto á organización territorial do Imelga, esta estrutúrase nun total de 7 subdireccións territoriais: a da Coruña (cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión); Ferrol (que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira); Santiago de Compostela (para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela); Lugo (con ámbito de actuación en toda a provincia); Ourense (tamén con ámbito provincial); Pontevedra (cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa); e Vigo (que comprende os partidos xudiciais de Ponteareas, Redondela, O Porriño e Tui).

Pola súa banda, as Oficinas de asistencia ás vítimas, radicadas nas 7 grandes cidades galegas, prestan a asistencia integral e coordinada ás vítimas que acudan ás ditas oficinas nos termos recollidos na Lei 4/2015, independentemente do lugar de comisión do delito, incluída a atención psicolóxica desde 2017. Isto sen prexuízo dos demais recursos e servizos que existen para a atención ás vítimas de violencia de xénero. En concreto, recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día ou o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

A todas estas medidas hai que engadir as novidades enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Entre estas actuacións, cómpre destacar a posta en marcha dunha quenda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero; a aprobación do Plan Estratéxico de Atención Integral aos menores orfos por causa da violencia de xénero; e un Plan de acompañamento e asesoramento da Vítima, que contará coa colaboración dos colexios de Avogados, Procuradores e Psicoloxía de Galicia co obxectivo principal de evitar a vitimización secundaria da muller.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48865
Data envío: 08/04/2019 14:02:36.850

Ademais, tamén se elaborará un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego co obxectivo de incrementar o coñecemento sobre a incidencia e as características da violencia de xénero no ámbito rural. Nesta mesma liña de traballo, este ano tamén se asinou un convenio de colaboración coas Federacións de Mulleres Rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48865
Data envío: 08/04/2019 14:02:36.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:02:33

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34648**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do impacto da sentenza de Juana Rivas en Galicia e sobre as actuacións que ten previsto levar a cabo o Goberno galego para mellorar a integración da perspectiva de xénero e dos dereitos humanos no ámbito xudicial”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego mantén un pleno compromiso na loita contra a violencia de xénero a través de todos os seus departamentos, en tanto é un camiño que require do esforzo conxunto de todas as institucións, administracións e da sociedade en xeral.

Neste marco, en referencia exclusiva á Administración de Xustiza, cómpre destacar que o Goberno galego está a traballar arreo para acadar unha maior formación, coordinación e dotación de recursos no ámbito xudicial dentro das súas competencias.

Así, a través da Escola Galega de Administración Pública estanse a impartir cursos de formación en materia de xénero ao persoal dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais -malia que a formación dirixida a xuíces, fiscais e letrados da Administración de xustiza depende do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado e do Ministerio de Xustiza- a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial co gallo de favorecer a formación continua dos xuíces destinados en Galicia. Ao abeiro deste acordo, no ano 2018 contemplouse expresamente a oferta de prazas para actividade sobre violencia de xénero, e mesmo neste 2019 está prevista a actividade relativa ás mulleres e menores como vítimas directas ou secundarias.

Fóra da formación propiamente dita, a Xunta ten posto en marcha outras actuacións para mellorar a atención xudicial ás vítimas da violencia de xénero como: o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade



Autónoma de Galicia; a habilitación de espazos axeitados nos xulgados; a dotación de medios técnicos que permitan gravar as declaracións das mulleres para que non teñan que repetilas, suprimindo as asistencias prescindibles aos xuízos; a atención de forma prioritaria das necesidades materiais e de persoal competencia da Comunidade Autónoma dos xulgados exclusivos de violencia sobre a muller (sitos na Coruña e Vigo), así como doutros xulgados especializados en materia de violencia de xénero; ou o impulso das Oficinas de Atención ás Vítimas coa dotación de psicólogos nos xulgados das 7 cidades galegas.

Ademais, e no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta porá en marcha novas medidas como unha quenda de garda psicolóxica e especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores; ou un Plan de acompañamento e asesoramento á vítima, que contará coa colaboración dos colexios de avogacía, procuradores e psicoloxía para implantar un protocolo único de cooperación co obxectivo principal de evitar a vitimización secundaria da muller.

Ao abeiro do Pacto de Estado tamén se porán en marcha outras medidas novidasas como o Plan estratéxico de atención integral aos menores orfos/as por causa de violencia de xénero; a ampliación da Rede galega de acollemento; ou a mellora do acceso á vivenda, xunto con incentivos a empresas para a contratación de mulleres vítimas desta lacra.

Ademais, a Xunta mantén o compromiso de seguir reclamando melloras onde non pode actuar directamente por falta de competencias co obxectivo de prover da mellor asistencia xudicial ás mulleres que sofren a violencia de xénero.

Por último, en todo caso, cómpre lembrar que o Goberno galego respecta as sentenzas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:04:50
Nº Rexistro: 48814
Data envío: 05/04/2019 13:04:50.327

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:04:45

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36251**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa o cumprimento polo Goberno galego do establecido no Decreto 124/2014, do 11 de setembro, respecto do número de oficinas e a ratio ideal por fiscalía, así como as actuacións que vai levar a cabo en relación coas reclamacións reflectidas na Memoria da Fiscalía Superior de Galicia”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A última memoria da Fiscalía Superior de Galicia presentada no Parlamento de Galicia, correspondente ao ano 2017, recolle que a Comunidade Autónoma de Galicia ‘ten unha ratio de fiscais superior á ratio do conxunto de España’.

Con relación ao nomeado ‘persoal colaborador (oficina fiscal)’, o incremento de prazas para adecuar a ratio de persoal funcionario das oficinas fiscais a 1 fiscal-1 tramitador/a tense tratado polos representantes da Fiscalía e a Xunta de Galicia, abordándose con medidas de reforzo as necesidades que a Fiscalía trasladaba en tanto se producía o efectivo incremento do cadro de persoal.

Finalmente, cómpre recordar tamén que a medida de dotación de persoal funcionario nas oficinas fiscais recolleuse no acordo asinado coas organizacións sindicais para poñer fin á folga da Administración da Xustiza do pasado ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48725
Data envío: 04/04/2019 14:42:25.168

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:42:21

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **36983**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non incluír un espazo destinado ao Rexistro Civil na Cidade da Xustiza de Vigo”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Cidade da Xustiza de Vigo, que sumará un investimento total de máis de 40 millóns tras a última modificación, albergará 35 unidades xudiciais, con amplo espazo para futuras necesidades. A actuación da Xunta de Galicia nesta infraestrutura sempre estivo presidida pola axilidade e redución de prazos. Así, decidiuse dividir o proxecto en dúas fases (unha fase de demolición e unha fase de obra), para adiantar o máximo posible os prazos. Pero tamén resulta evidente que se trata dunha obra de gran complexidade, tanto polo propio inmovible como pola súa localización no centro de Vigo.

Do mesmo xeito, estase a estudar cal será a ubicación exacta da oficina do Rexistro Civil, á vista da desxudicialización deste servizo pola Lei 20/2011 cuxa entrada en vigor se atopa aprazada ata o 30 xuño de 2020. Na nova configuración legal, o Rexistro Civil atópase á marxe da actuación xurisdiccional, deixando os xuíces e xuízas de ser os encargados.

En calquera caso, cómpre recordar que a postura do Goberno da Xunta de Galicia é sempre apostar por unha administración eficaz e próxima á cidadanía, aproveitando as vantaxes das novas tecnoloxías, mantendo a gratuidade do dito servizo público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48723
Data envío: 04/04/2019 14:41:53.147

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:41:49

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48864

Data envío: 08/04/2019 14:02:09.256

Data 08/04/2019 14:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **39440**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia da situación de saturación na que se atopan os Xulgados do Social en Lugo, a súa opinión referida á necesidade de implantar un cuarto xulgado e a realización dalgunha demanda para ese fin, así como se é o caso as razóns da demora da súa creación e as actuación previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 380 do 6 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A competencia para a creación de novas unidades xudiciais, modificando o número de órganos xudiciais establecidos na Lei de demarcación e planta xudicial, correspóndelle ao Goberno estatal.

En función do número de unidades xudiciais contempladas nos orzamentos do Estado, desde o Ministerio de Xustiza se lle comunica á Xunta de Galicia as unidades que é posible constituír nun determinado exercicio orzamentario. Con base na dita asignación, a Comisión Mixta -formada pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia- fai una proposta de creación, ponderando ese número de creacións e as necesidades obxectivamente mais urxentes. En todas as programacións, a Xunta de Galicia ten manifestado a súa disposición a acoller todas as unidades que lle resultaran asignadas.

Precisamente, a Comisión Mixta acordou o pasado mes de decembro solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación dun novo xulgado do Social en Lugo, xunto con outras peticións de creación de órganos xudiciais consideradas prioritarias.



Malia isto, o Ministerio de Xustiza comunicou á Xunta de Galicia no mes de febreiro que o consignado para Galicia era un maxistrado na Audiencia Provincial da Coruña, un xulgado de Primeira Instancia na Coruña e un xulgado do Social en Vigo.

Por primeira vez o Ministerio obvia a proposta formulada de consenso pola Comisión Mixta, que incluía a creación dun novo xulgado do Social en Lugo.

O Goberno galego advertiu ao Ministerio desta desviación e volveuse a convocar de xeito urxente a Comisión Mixta, que se reuniu o luns 25 de febreiro. Tras analizar de novo as cargas de traballo, a Comisión ratificouse na petición realizada.

Así mesmo, a Comunidade Autónoma adiantoulle ao Ministerio que, entendendo tamén necesarias as creacións propostas polo Ministerio, a Xunta as informaba favorablemente, sempre e cando o fosen a maiores das propostas pola Comisión Mixta entre o TSXG e a Xunta de Galicia, cuxa posta en funcionamento é urxente e prioritaria.

A Xunta de Galicia agarda que o Ministerio atenda á proposta formulada pola Comisión Mixta á maior brevidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48864
Data envío: 08/04/2019 14:02:09.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:02:04

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48721
Data envío: 04/04/2019 14:41:26.986
Data 04/04/2019 14:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41263**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización no ano 2019 do debate correspondente ao II Pacto Local galego”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantén un firme compromiso coas administracións locais, colaborando cos medios materiais e financeiros necesarios dos que dispón, para avanzar nunha Galicia que preste servizos de calidade. Mantén un diálogo fluído coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), enmarcado na máxima vontade de colaboración e coordinación para impulsar asuntos de interese para as entidades locais galegas.

O Pacto Local supuxo un pulo importante para a autonomía local das corporacións locais de Galicia e, coa modificación do Fondo de Cooperación Local do ano 2010, os concellos teñen garantida unha participación mínima nos orzamentos autonómicos. De feito, nos anos de crise económica os concellos mantiveron sen menoscabos os recursos proporcionados por este fondo de financiamento.

Ademais, nestes últimos anos a Xunta reactivou o traballo da Comisión Galega de Cooperación Local, cuxa prioridade é velar pola coordinación entre a Administración autonómica e local para unha prestación eficaz de servizos públicos en Galicia. No marco dos acordos acadados no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, a Xunta de



Xacobeo 2021

página 1 de 2

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Galicia ten adoptado medidas encamiñadas a buscar a optimización dos servizos prestados polas entidades locais.

Na Comisión Galega de Cooperación Local tamén se acordou abrir no seo da subcomisión permanente de réxime económico e financeiro un proceso de debate e diálogo para deseñar o futuro das relacións financeiras entre a Xunta as corporacións locais, condicionado, en todo caso, á reforma do sistema de financiamento local e autonómico, pendente a nivel estatal. Abriuse o diálogo para tratar as diferentes reivindicacións. A subcomisión permanente de réxime económico e financeiro estase reunindo todos os anos e está realizando propostas aos orzamentos autonómicos que se fan realidade, como a ampliación do fondo adicional e dos seus conceptos.

En definitiva, a Xunta de Galicia está cumprindo cos compromisos adquiridos no seo da Comisión Galega de Cooperación Local encamiñados a adoptar medidas que benefician a distintos ámbitos da administración local galega. O Goberno galego segue a velar polos concellos, polo cumprimento do Pacto Local e en definitiva pola colaboración permanente cos concellos galegos para optimizar as prestacións e servizos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48721
Data envío: 04/04/2019 14:41:26.986

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:41:23

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48718
Data envío: 04/04/2019 14:40:46.660
Data 04/04/2019 14:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41584**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun proxecto de lei que regule a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia defende a autonomía local e a suficiencia das facendas municipais. A Administración autonómica e a FEGAMP están a colaborar de modo permanente na defensa dos intereses municipais, as relacións institucionais son boas e, en materia de financiamento local, o diálogo entre ambas institucións ten lugar no seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro.

Neste momento, o avance nos traballos da devandita Subcomisión está pendente da definición por parte do Goberno do Estado dos sistemas de financiamento autonómico e local e de que exista certeza dos recursos cos que poderá contar cada administración para desenvolver as súas competencias.

Cómpre lembrar que o ordenamento xurídico establece un sistema de financiamento mixto, integrado por medios propios e alleos, que son os que garanten a suficiencia financeira da entidades locais. A autonomía financeira leva aparellada a corresponsabilidade fiscal: os municipios teñen capacidade de axustar os seus ingresos e gastos en función ás súas necesidades.



Xacobeo 2021

página 1 de 2

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira en fixar un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos, cunha garantía de mínimos, unha verdadeira participación en ingresos (xa que está vinculado á recadación tributaria da facenda autonómica), obxectivo e incondicionado na súa aplicación, facendo por tanto unha firme defensa da suficiencia financeira das entidades locais que consagra a Constitución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48718
Data envío: 04/04/2019 14:40:46.660

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:40:40

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 44069**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a consideración polo Goberno galego do impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial como un freo a despoboación”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 14 de marzo de 2019, mediante contestación oral á pregunta nº 44064, polo director xeral de Gandarías, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias.

A produción de uva para vinificación está regulada polo organización común de mercados dos produtos agrarios (Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013). O Capítulo III do título I deste Regulamento, establece o réxime de autorizacións para plantacións de vide dentro da Unión Europea. Complementan esta normativa:

- O Regulamento Delegado (UE) n.º 2015/560 da Comisión, do 15 de decembro, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide.
- O Regulamento de Execución (UE) n.º 2015/561 da Comisión, do 7 de abril de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide.

O desenvolvemento desta normativa comunitaria lévase a cabo mediante o RD 13308/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola en España, e nel establécense os criterios de admisibilidade e de prioridade para a concesión de novas



autorizacións de plantación de vides. Tanto os criterios de admisibilidade como os criterios de prioridade derivan da normativa comunitaria.

Cabe destacar que a maior parte da superficie amparada para a produción de viño de calidade con denominación de orixe non se atopa en zonas en risco de abandono de terras ou de desertización.

O Goberno galego está a aplicar a normativa básica en materia de potencial vitícola. Con todo, para tentar frear o despoboamento rural e favorecer o relevo xeracional, especialmente en zona rurais do interior de Galicia estamos a aplicar o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 con axudas específicas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria ou axudas destinadas á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, onde as persoas que se adican a tempo parcial á actividade agraria poden ser beneficiarias destas axudas.

O sector vitivinícola está regulado pola organización común de mercados dos produtos agrarios, e dentro das condicións de admisibilidade ou dos criterios de prioridade na aplicación do réxime de autorizacións de plantacións de vide non se penaliza aos viticultores a tempo parcial.

Por outra banda nas axudas de reconversión e reestruturación de viñedo, convocadas con fondos FEAGA todos os anos en Galicia foron atendidas todas as solicitudes que se presentaron non sendo necesaria a aplicación de concorrencia competitiva, polo que todas aqueles solicitantes de axuda que o solicitaron se lles concedeu a axuda, independentemente do tamaño o tipo de explotación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48715
Data envío: 04/04/2019 14:40:01.797

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/04/2019 14:39:57

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 44842**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posta en marcha dun plan estratéxico para o sector lácteo”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a esta pregunta na pasada Comisión 7ª celebrada o 14 de marzo de 2019, mediante resposta oral á pregunta nº. 44843, polo director xeral de Gandaría, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias.

A Xunta de Galicia está traballando nun estudo pormenorizado e completo sobre a situación actual do sector lácteo, para identificar as súas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

É necesario reforzar a posición negociadora dos gandeiros en relación co prezo e de potenciar o papel negociador dos sindicatos, das cooperativas e das organizacións de produtores. Así mesmo, é importante reorientar a produción, de ampliar a base territorial das explotacións ou de mellorar a súa xestión empresarial, entre outros aspectos.

O director xeral anunciou ademais a constitución dun grupo multidisciplinar para trazar unha estratexia neste eido produtivo, con presenza de todos os axentes, así como de expertos e investigadores“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48862
Data envío: 08/04/2019 14:01:40.659

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:01:37

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46022** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a información emitida pola Corporación de RTVG o día 10 de febreiro de 2019 respecto das mobilizacións cidadás levadas a cabo en Madrid, en relación con diversos aspectos da política nacional, así como en Santiago de Compostela en relación coa xestión do sistema sanitario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 28.2.19- polo director xeral da CRTVG ao darlle resposta á pregunta 42723, sobre similar tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 48940
Data envío: 09/04/2019 19:30:40.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/04/2019 19:30:21

CSV: BOPGDSPGMhfvCA07
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48872

Data envío: 08/04/2019 14:27:52.523

Data 08/04/2019 14:27

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46827**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o trato recibido polos membros da coordinadora Zas sen Recortes en Pediatría durante a visita do presidente do Goberno galego a Zas o día 21 de febreiro de 2019”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Dende que se puxo en funcionamento a Unidade de Policía Adscrita (UPA), con carácter xeral cando un Presidente do Goberno galego efectúa un desprazamento ou asiste a un evento, os mandos responsables da Sección de Seguridade da Unidade de Policía Adscrita instrumentan un dispositivo policial que poida dar resposta ás necesidades de seguridade e protección, tendo en conta sempre as informacións previas das que se dispoña sobre os lugares aos que aquela autoridade se despraza, para actuar de acordo coas previsións legais contidas no artigo 38.1 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.

Este dispositivo ten sempre unha finalidade garantista: asegurar tanto a liberdade de circulación e movementos do propio Presidente, autoridades e acompañantes, como tamén o normal desenvolvemento dos actos nos que participan xunto coa cidadanía, evitando tumultos ou alteracións da orde pública e asegurando, deste xeito, que as posibles manifestacións ou concentracións, ou calquera outro acto de protesta ou reclamación por



parte de persoas ou colectivos, se desenvolvan de xeito pacífico e ordenado, sen impedir a celebración dos actos previstos e coa perturbación menor posible da seguridade pública“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 48872
Data envío: 08/04/2019 14:27:52.523

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/04/2019 14:27:32

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47309** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a cobertura e tratamento informativo nos medios de comunicación públicos de Galicia das novas referidas ao Goberno socialista de España”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 29.03.2019- polo director xeral da CRTVG ao darlle resposta á pregunta 47328, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:02:47
Nº Rexistro: 48807
Data envío: 05/04/2019 13:02:47.846

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:02:44

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47329** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**o contido e desenvolvemento do espazo Land Rover da TVG**”, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 29.03.2019- polo director xeral da CRTVG ao darlle resposta á pregunta 47328, sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:02:33
Nº Rexistro: 48806
Data envío: 05/04/2019 13:02:33.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:02:18

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **47984** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto denominado Estudo para a mellora da intersección no punto quilométrico 9,980 da estrada PO-400 (As Neves) co fin de dotala dunha redonda que posibilite o acceso ao centro das Neves ou a Vigo, así como a inclusión desta estrada no Plan autonómico de eliminación dos tramos de concentración de accidentes”**, (publicada no BOPG número 450 do 27 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a priorizar os seus investimentos en materia de seguridade viaria, de acordo co previsto na Estratexia para a eliminación de treitos de concentración de accidentes. Segundo os datos dos que dispón a Axencia Galega de Infraestruturas, no punto quilométrico 9+980 da estrada autonómica á que se refire a iniciativa non se rexistraron accidentes con vítimas no período de tempo que vai desde o ano 2013 ata o 20 de novembro de 2018, de maneira que non se pode considerar como unha das máximas prioridades para este tipo de actuacións. Por esta razón, a execución do proxecto ao que se alude programarase en función das dispoñibilidades orzamentarias e no marco das necesidades globais en materia de conservación e mellora de estradas da Axencia Galega de Infraestruturas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2019 13:02:01
Nº Rexistro: 48805
Data envío: 05/04/2019 13:02:01.355

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/04/2019 13:01:30

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 13:59:23
Nº Rexistro: 49011

Data envío: 10/04/2019 13:59:23.255

Data 10/04/2019 13:58

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48169**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización de xestións coas empresas subministradoras de enerxía eléctrica para resolver as deficiencias que presenta a electrificación no medio rural, así como respecto do desenvolvemento dalgunha liña de axudas para as empresas agrogandeiras que precisan melloras na súa subministración enerxética”**, (publicada no BOPG número 456 do 4 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 47314 que tivo lugar na sesión do 3 de abril de 2019 da Comisión 6º, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-04-03?part=350f1f18-a7ac-414e-9184-383cb51f5a27&start=3410>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 13:59:23
Nº Rexistro: 49011
Data envío: 10/04/2019 13:59:23.255

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/04/2019 13:59:00

CSV: BOPGDSPGMhfvCAO7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

